

N.º 276

N'A VEIRA D'O ADRO



PALIQUEES

POR

FRAY PRUDENCIO



TOMO PRIMEIRO



CALDAS DE REYES. — IMP. DE «FRAY PRUDENCIO»

1901

ACADEMIA
LEGA
RUÑA

1901

N. A. VETTER & SONS

PAINTS

1891

PAINTS

TOMORROW


PAINTS

REAL ACADEMIA
GALEGA
A CORUÑA

480

Biblioteca

PALIKUES N'A VEIRA D'O ADRO



N'A VEIRA D'O ADRO



PALIKUES

POR


FRAY PRUDENCIO



CALDAS

Tipografía de «Fray Prudencio»

1901



CARTA CERRADA

A D. Edelmiro Trillo, Xuez d'o Ferrol.

Querido Edelmiro: Como sei qu' eres d' as personas que temos n' a terriña que contan c' o sexto sentido ocupando con xusticia un lugar distinguido, e ben merecido por certo, n' a maxistratura, quería dedicacarche os meus paliques, porque soupén ademais que foché d' os poucos que perderon o tempo en leelos.

Non sei quen foi o que dixo que sabía que non sabía nada, e eu sei de memoria

que sei bastante menos que nada; de maneira que o que non sabe nada inda sabe algo; pero o que sabe menos que nada, nin siquiera pode escribirche unha carta aberta, e ten que porche esta cerrada porque o fin e o remate, como queda a cousa entre os dous, tí ben sabrás perdonar as miñas burradas po-lo moito que che quere o teu amigo de corazón

Fray Prudencio.

PRÓLOGO

Tí que non podes, lévame as costas.

Esto es lo que vino á decirme, empleando una de las muchas frases gráficas del país, el gran Prior de esta comunidad, al pedirme que le escribiera un prólogo para sus sabrosísimas *palras* ó *parolas* que él bautizó con el título de *Paliques n'a veíra d'o adro*.

¡Yo que nada puedo! Como que soy el *Fray Melitón* de la comunidad, solo apto para empuñar el cucharón con que se repartía la *sopa boba* de los con-

ventos. Y..... *gratis hagamus Domino Nostro.*

¡Y él que puede tanto! Como que podía representársele para el caso en la misma buena estampa que la leyenda atribuye á San Cristóbal.

¡Ay! ser... ¡Un prólogo!

Verbo d'eso ¡qué podrá decir el lego *Melitón*, aunque lo diga inspirándose en los mejores deseos, que no esté evidenciado con más elocuencia en los mismos *paliques*?

¡Un prólogo!

Un cantar ya me lo dice, y debió decírselo á la paternidad de mi Prior antes de encomendarme una obra tan extraña á la *vena ingeni* del que, como yo, es *lego* por algo más que por su falta de órdenes clericales.

Dice el cantar, refiriéndose al que va á cazar una perdiz donde otro le tiene armado:

*Chámalle tempo perdido
é mai-lo corpo quebrado.*

En casa chea logo se fai a cea, dice
un apotegma de la tierra.

La prueba son los mismos *paliques*.

Pero de la mia bien puedo decir lo
que decia un estudiante á un compa-
ñero suyo para demostrarle que no
podia convidarle á cenar: *en el fogón
de mi cocina tengo puesto á enfriar el
botijo.*

Pero ¿á qué el prólogo? ¿para qué?
y ¿por qué?

O pote ferve a cachón.

Y hierva solo con las chispas ó *mo-
xenos* que el reverendo padre hace saltar
al avivar el fuego que arde en el dia-
lecto del país. Y no es esto sólo.

No es sólo *o muiño que anda*.

Porque si fuera así, podria decirse:

*Qu'e importa q' o muiño ande
si non hay graos n'a moega?*

En los *Paliques* no sólo se ve en movimiento la gracia y soltura con que están escritos, sino que contienen enseñanzas muy provechosas y de gran cuantía. Son como lo cernido en el cedazo que dá la mejor harina.

Y basta con este *introibo ad altarem Dei*, que por obediencia me he permitido. Yo tengo que arremangar los hábitos para otras faenas menos altas y reverendas.

Y no vuelva á dar mi venerable padre Prior un significado tan extensivo al refrán que dice: *Si el prior juega á los naipes ¿qué harán los frailes?*

Aquí el juego es otro, y no es juego de naipes.

Sobre todo para este motilón de la comunidad que no puede abordar otros empeños que el de soportar con paciencia su humilde condicion en la *orden*, y en todos los órdenes de la vida,


practicando aquello de San Bernardo:
ut asinus debes fieri.

No firmo, porque *nominare non est laudare*, ó el nombre no hace mucho honor á la cosa.

A ruego,

VICENTE CARNOTA.

Caldas de Reyes, Febrero de 1901.





I

—Dios t'axude, Antón.

—Ben chegado seas, Xan.

—¿Fuches á misa á Caldas?

—Home, fun.

—¿Qué viches por ahí de cousas?

—Direiche: moitas novidades; pro denantes bota prá-ca ó tabaqueiro, é tiraremos algunha trompada.

—Ve-laí tes ó tabaqueiro e dime logo o que pase, que xa ferveo por saber as noticias que corren.

--O primeiro que che teño que contar é qu' estou vendo esos aramios colgados d' os pinos, e por moito que me crebo a testa, non cayo n'a conta de como demo poden facer n'a frábica d'a eleutricidade pra meter a lus por dentro d'os aramios, e levala á Cambados e Villagarcia.

—¡Moi burro me saiches, Xan! ¡E ti coidabas qu'a lus vai por dentro d'os aramios? ¡Non, home non! pol-os aramios ven á forza que antes se perdía sin proveito na Freixa de Segade; porqu'os gallegos (isto é pran-tre os dous) somos coma Dios nos dou, e todo o deixamos pr'o sigro que ben; e co-esa forza combinada co-a maquinaria que teñen ahí, fai ese milagro d'alumear, que nin ti, nin eu entendemos.

—Dime unha cousa, Antón: ¿esa forza que meten n-os aramios, non serve mais que pra alumear á Vila? Porque

si é así, á min nin á ti non ha de meternos unha espiga mais n-o cabaceiro.

—Eu ben digo que ti debeches prender o conto de Mateu Conde, que decía qu'ó mellor n-este mundo era *nacer con orellas de burro, e pan pro ano.*

—E certo que pol-o d'agora non che truxo á ti grandes ventaxas a frábiac, d'electricidade de Segade, pró si non as truxo prá ti, dendes ó ano pasado hastr'acá xa ganaron n-as obras moitos cartos os nosos paisanos; pois oin dicir que solasmente de carretos é xornales pagaron mais de trinta mil pesos; y-agora solo os rapaces qu'andán empregados, xa costaron un bó par de bois.

—¡Déixate de contos! Si eso non serve mais que pra dar lus non habemos de votar ti, nin eu un chourizo mais ó caldo.

—Pero home: pol-o visto ti anque ganen todos, se non encien o teu peto,

todo che parece pouco. Pois o que fai falla e que todos axudemos á esta xente que nos trai tan grandes adiantos; q' o que menos importa é a lus, o qu' importa e a revolución que se pode facer n-a nosa terra si non somos tolos e andamos con bobadas pra pór dificultades en cousas que tanto teñen que valer. ¿Que dirás ti o día qu'escomecen á repartir 4 ou 600 cabalos de forza entre Padrón, Carril, Villagarcía, Cambados e Caldas, e n-un lado fagan cravos, n-outro puntas, n-outro táboas, n-outro chocolate, e n-outro tela pra vistirnos ti e mais eu, que mandamos á fora as nosas *cadeliñas*?


---¡Ti seica me qués emboucar! ¿Como demo han de meter os cabalos pol-o aramio pra que poidan traballar n-eses pobos que dis?

---¡Xa vexo qu'és mais burro d'o qu'eu pensaba, e xa procurarei que si-

gamos os nosos paliques, pra espricar-
che o qu'eu sepa; que sinto que sexa
pouco.

—Adios, Xan.

---Dios che garde, Antón.





II

---Dios te garde, Antón.

---Que faga contigo ó mesmo, Xán.

---Home, ardia por verte dende o domingo pasado porque levo devanándol-os sesos e non dou como han de vir d'a freixa esos centos de caballos metidos por un aramio tan delgado e que poidan porse á traballar madeira de ameneiro para facer os zocos.

---Como ti me parece que'es mais burro que eu, an que me esté mal o

decilo, é mellor que non ocupemos a cabeza n'a-quelo que non entendemos.

Vamos á ocuparnos d'o que ti e mais eu somos votos de calidade na materia.

Dime Xan: ¿fixeche contrato co-a *Azucareira* pra sementar á remolacha?

---Home, non, porque me parece que non vexo crara á gananciña ó ollo.

---Pois eu teño contratados tres ferrados de pan pra botalos é non penso parar neso.

---Pero ti (que te teño por home de pluma) astréveste á sementar tanto?

---Xa che dixen que contratei tres ferrados, e agora vounos á convertir en tres xeiras, porque como decimos n'a terra, *canto mais caldo mais sopas*.

---¡E ti seique tés ó demo, Antón! Eu que levo tres semanas consultando con cantos veñen á misa, pra ver si me estrevo á poñer un ferrado, é sálesme

con que vas contratar tres xeirás. Eu creo que me tratas de emboucar, e eso, perdona que ch'ó diga, non está ben entre homes que gastan canas.

---¿Puxeche algunha remolacha o ano pasado?

---Xa o creo que a puxen! e saeu tan boa crás, que foi das mellores que se cosecharon; e saquei vinte réas por cada cunca de terra e xa ves si tí sacas o mesmo d'ó millo.

—Home, cadra ben; aquí chega Farruco, que non hay media hora que me contou que á él non lle nace a que sementou ó ano pasado.

—Ti ben sabes que cada un fala da feira según lle foi n'ela, e que unha mosca non fai vran.

—Chégate acó Farruco, porque este tolo de Antón quere comprometer ó pan dos fillos poñendo no ano que ven

nada menos que seis ferrados de terra pra remolacha.

¿Que che parece? e se non se lle dá, perde o millo e perde a palla.

—Home, que qués que che diga; Xan, e certo que che dixen que á min non se me dou ó ano pasado, pero pra aqui entre os tres penso que foi miña á culpa. Ti sabes, Xan, que si non istibese á pólvora inventada quedaríamos sin ela. Con ese demo de desconfianza que nos mata os gallegos, fun o fielato xunto á don Manolo ó da azucareira, e doume a semente y-esterco que lle pedín, e ademáis traballou conmigo canto pudo por meterme n'a testa ó modo mellor de sementala, pero eu entendín todo d' o rivés e púxena nunha terra tan mala que dudo que poidese dar xestas.

Ademais guindei co-a semente, apre-teina c'o calcañal d' o zoco, mais de

unha coarta pr-ó fondo, e así foi que non era semente nin demo que pudesen saír pra riba; as poucas remolachas que foron saíndo en coroas enchéronse de tal modo de millans, e eu non fun á vela, e engargallouse de tal modo n'as raíces, que cando lle quixen valer xa era tarde.

—Velai tes Xan, o que sucede; o que lle pasou á Farruco pasoulle á algúns máis, pero a culpa non é d' a semente nin d' o esterco. A culpa é toda nosa, que cando ven unha cousa nova pensamos que vamos á coller moedas de cinco pesos á catro, e estas chovidas d' o ceo e sin traballar.

¿Vos collede algo d' a terra sin que vos custe sudor?

Hay quen quere terquear en que a remolacha d' a máis traballo qu' o millo, e eu ei de convencervos de que non é verdá..

Por decontado, o primeiro e principal traballo d' a remolacha e o d' o millo, que é labrar a terra, xa ten ventaxa pra remolacha.

Pra poñer remolacha mandan labrar a terra n' o mes de Xaneiro e pro millo hay que labrar en Mayo cando cayen os paxaros c' o calor.


Agora contestádeme os dous c' a man sobre o corazón, si vós, que tantos anos levades tirando d' a rabela d' o arado pra sementar millo, vos mandasen labrar en Xaneiro ou en Mayo, cal dos dous meses escolleríades?

—¡Home, eso, calquera ó conoce! O labrar en Xaneiro é como quen enreda, e hasta se axuda un mais á puxar pol-o arado pra quencer. Isto é como quen labra pro centeo é pro trigo, e ninguén se queixa, por que tiña que ser moi haragán quen se queixase.

—Pois ben; alégrome que reconozas-

des que á labra pra remolacha faise en mellor tempo e é mais descansada qu'a d'o millo.

Como xa se me fai tarde e temos moito que palicar sobre esto de sementar á remolacha é as ventaxas que nos ha de tragner ós labradores que teñamos tino en escoller boa terra é traballar ben con remolacha, deixob'os por hoxe aconsellándovos, por de contado, que contratedes á maor cantidade de terra que poidades, porque ben sabedes que ó que dá diante, dá duas veces; é como dia ó procurador las Heras (q. e. p. d.) *Vale mais un toma que dous che darei.*



III

—Bós días teñas pol-a mañán, Antón.

—Moitas gracias, Xan. ¿Vén contigo Farruco?

—Home, vén.

—¿E donde ó deixache?

—Quedou alí n'ó estanquillo mercando un macillo de *brigadières* d'a perra chica, por que di que solo se pode permitir ó despilfarro de fumar esa clás fina de tabaco.

—A verdá é que en materia de fumar, tanto ten fumar d'hunha crás que doutra; ó fin todo se converte en fume.

—Esperemos por Farruco por que se me figura que para parrafear un pouco, é ben que estemos xuntos os tres, por que de esta vez si non deprendemos á facer azucre, deprenderemos á sementar e recoller remolacha pra qu'outros ó poidan facer; é por outro lado abrir camiño ós nosos fillos pra que mañán ou outro día, poidan ser empregados n'a frábica, e o que hoxe nos parece á nos un milagre sea pra eles tan fáctile como quen bota lume ó forno pra facel-as bolas en Noite-Boa.

—Ahí ven Farruco que debe trager algo de bó por que xa encende un pito e fumega como unha chiminea.

—¡Hola, Farruco!

—Hola, Antón.

—Parece que fumamos gordo. Debes comprar tabaco por xunto, ó ver como derrochas fume.

—Tés razón. o que hay agora nin é

tabaco nin sei que é o que nos venden, aqui tes este pitillo que encendin que non podo saber o que trai dentro, que polo cheiro ou é algún pedazo de sardiña podre d'algun-ha cigarreira ou algun pedazo de trapo de limpiar, quen sabe que... En fin, falemos d'o que nos importa.

—Vamos logo o que mais nos interesa. Dixenvos que habia de convencervos que non dá mais traballo sementar é recoller remolacha que sementar é recoller o millo. Por decontado no palique d'o domingo pasado quedamos conformes en que á labranza que é o traballo mais forte faise en mellor tempo pra remolacha que pró millo, de maneira que por este lado xa sahimos millor.

Agora vamos á sementeira.

Despois que á terra está ben labrada desde Xaneiro, faise á sementeira n'o

mes de Marzo, que é tamén un bó mes d'ó ano pra traballar no campo. N-este mes pásase á grade pol-a terra, iguálase ben c'ó angazo ó como quen bota borralla nos herbales esténdese po-riba os esterco quíimicos que nos regalan n'a frábica.

Despois que se estenden ben os esterco debe volveuse á pasar á grade prá que á terra quede ben mesturada c'ó esterco é sobre todo muy ben desfeitos os terrós é toda á terra muy soltiña é ben limpa de gramas que son os enemigos maiores que non deixan sair á semente é dempois ó nacer enrédanse n'as plantiñas tenras d'a remolacha é sendo asi custa mais tempo facer o primeiro rareo.

Desde que á terra esté asi, podedes achanzar ou cotear c'ó canizo como facemos c'ó millo.

Dimpois que á terra quede ben co-

teada é o mais igual que se poida, poden empregarse tres maneiras pra botar á semente, escapando sempre de botala ó voleo que esto si costa pouco traballo ó sementala, en cambio da dimpois moito mais n'a primeira sacha, que pra deixala ben disposta é ben repartida é ben limpa de herbas custa moito tempo é non se da salido d'as veigas.

Os tres modos que eu teño por mellores pra botar á semente sonvos de esta mameira

Primeiro: poñendo ó cordel como se fixo por aqui ó ano pasado e facendo c'o á man un buratiño prá meter n'el 5 ou 6 sementes distantes unhas doutras coarta e media. Este modo solo ó creo bó cando hay que sementar solamente unha ou duas cuncas de terra.

Segundo: ir á frábica, pedir prestada unha maquiniña pequena que teñen

prá sementar, é con ela botal-a semente. De este modo, en menos tempo que se persina un escribano tolo, tendes sementado un ferrado ou dous de pan.

Terceiro: Buscades un pedazo dereito d'unha tabla d'as que se botan n'os pisos d'as casas que teña de largo cinco coartas e de ancho unha coarta ou coarta e media. A esta tabla poñédeslle tres pequenos dentes, da mesma forma c'os das grades, pero que teñan de largo *fora d'a tabla* de pulgada e medio á dúas. Estos tres dentes teñen que estar n'o medio d'a tabla repartido o largo en tres partes ou sea un dente n'o medio e dous ás bandas. Esta tabla ponse n'a terra c'os dentes prá baixo como n'a grade e átase nela un pedazo de corda e pónselle enriba unha pedriña.

Un rapáz tira pol-a corda dereito é como á tabla ten tres dentes van abrindo

do reguiños é n'eles vaise botando semente repartida de coarta en coarta d'a mesma maneira que se sementa o millo ó rego c'o arado.

A min seméllaseme que este modo é o menos traballoso de todos os tres, é ademais ó ter un pedazo de tabla de cinco coartas con tres dentes non vale nada é costará tanto como un angazo. Xa vedes ven crao, Xan é Farruco, que calquera dos tres modos que queira des escoller prá sementar costa menos traballo que pró millo.

E escusado que vos diga que á semente cúbrese co' a cabeza d'o angazo matando os reguiños con moi pouquiña terra. Non debe levar de terra por riba mais de dous á tres dedos.

Agora quero que tanto ti, Xan, como ti, Farruco, me digades francamente si sementar remolacha custa mais traballo que sementar millo.

—Home, eu creo que xa sea c'a maquina que ti dis que presta a frábica, xa sea c'a tabla c'os tres dentes para sementar a rego como o millo, é menos traballo sementar remolacha, porque nin siquiera hay que levar o gando.

—Pois que queredes que vos diga; o sementar com' o ano pasado co' a corda solo sirve, como dixo Antón, pra unha ou duas cuncas; e como n'este ano non ademiten menos d'un ferrado de sembradura, haberá que usar ou a máquina ou a tabla como medio que podemos ter; porque eu con eso d' as máquinas non estou porque teño que perder moito tempo pra entendelas.

—Xa che dixen, Xan, que si non estivese a polvora inventada, ti ven nos deixarias sin fogetes; pero eso quere desir que non podeses deprender como outro calquera anque che levase mais tempo. Bó é que che pareza ben o

sementar c' o a tabliña, porque o que eu quero é que sementés, que dimpois xa colleremos todos o fruto d' o traballo.

—Eu estou pasmado, Antón, ó que tí levás deprendido pra sementar de remolacha os seis ferrados de terra que contratache.

—Home, eu hasta agora ;qué diaño hei de saber! —pero é perciso ter presente o que desía o letrado Rey Vasandro (q. e. p. d.), que foi home de gran saber, como todos recordamos ben, quen desía que se podía pasear de moca, comer de moca e hastra ser alcalde de moca; pero saber de moca, unha porra!

O que fai falta é que nos guiemos por quen nos guía, e axudemos todos ós que espoñen os seus grandes capitales por levantar a nosa terra á mesma altura qu' os demais países.

—Déixate de contos, Antón; eses

seores cando fan frábica heche por encher mais a faltriqueira de cadelas e non espoñen nada. Eles xa saben o que fan.

—Home, ti nin que naceras en Currigatos e non viras nunca a vila.

Vamos á ver: si todos os nosos paisanos foran tan burros como ti e ningún se estrevese á poñer remolacha, ¿qué iban a facer d' a frábica e d' as máquinas que pra ahí veñen que custan tantos millóns?

—Contos o cuco, Antón; si che se ven apurados póñenche as terras qu'eles teñen, fan que ll'as manden poñer ós señores Curas, Alcaldes e Rexidores, e remolocha sempre cúa teñen.

—Desta ves inda sacaches algo d' a testa; pero agora preguntoche eu: qué comerás ti nin ningún labrador co-a remolacha que sementen eses seiores

que tí sitaches? Botarémolle algún pedazo mais d'orella o caldo?


—Eso non.

—Pois entonces deixádevos de burradas e poñede canta mais remolacha poidades, que o ben ha de ser pra todos; si a frábica vai ben a nós non nos irá peor, e si vai mal todos perdemos.

—Tí ben falas, Antón, porque tí en menos tempo que canta un galo, deprendes todo, e co-a remolacha tamen che vai pasar o mesmo; pero eu xa tí sabes que...

—No te apures, Xan; tí sementa e traballa ben, e pol-o demais podes repetir aquilo de:

Si te fores a pescar
pol-a fortuna non deixes,
canto mais faco mais sorte
canto mais burro mais peixes:





IV

—Dios te axude, Antón.

—E que non sea contra min, Xan.

¡Hola! hoxe ó ver como corres é como te moves, parece que che rebeixaron vinte anos.

—Xa cho creo, Antón, ti sempre que temos os nosos paliques, parece que tes empeño é gusto en decir que son un burro, é que si á pólvora non estivese inventada quedaríamos sin foguetes; pois así é todo anque un sea burro non

lle gusta que llo chamen, e ademais xa ti sabes demasiado que hoxe ó *Fray Prudencio*, sin saber de que maneira, non hay can nin gato que n'ó lea, é non sei como demo se enterou á miña muller d'os nosos paliques é dende que supo que me chamache burro n'a veira d'ó adro, eche unha función n'a casa que nin as d'a Semana Santa. E eu bótoche á culpa, porque francamente, ti ben sabes que non debes n'a via prúbica chamarlle á un amigo como eu, burro, porque burros aquí n'a vila chámanllo os que levan os foles os muiños de Segade, e moitas veces confunden os donos c'os burros e dicen: ese eche o burro d'ó Patira, ou eche o burro d'ó Rey d'a Grela; e xa ti ves que de burros non teñen nada os donos, e ademais armas un lío na miña casa, que por un lado a muller, por outro a filla e por outro o xenro, todos son á faltar-

me o respeito e non queda ningunha autoridade e bou pouco á pouco á quedar com'o señor Xan Francisco o Albeiro, que cando o fixeron alcalde de barrio tiña que repetir: *¿oyes tí, señor mío? yo en mi barrio soy unha autoridad, y quien me la empata?* E todos o escoitaban como quen oi chover; e así me pasa á min, que non teño pas n'a casa desde que me chamache burro n'a vía pública.

Pero deixemos eso, e volvamos á cald-os tres modos de sementar a remolacha é o mais fácil e menos traballoso, porque eu d-os tres que ti me dixeches, Antón, quédome c'o último; e pra que vexas que donde hay eguas, potros nacen, vouche á enmendar un pouco á plana sobre o modo de tirar co-a *tabla dos tres dentes*.

A tabla gústame, porque é tan sencilla a cousa que hastra eu a cheguei

á entender, pero en ves de tirar co-a corda que ti me dis que debe ser con dous barrotes delgados, un o par d'outro, e d'este modo: tirase pol-a tabla muy ben e os reguiños sayen mais direitos. Ademais non se debe botar a semente n'os tres reguiños que se abren c-os dentes d'a tabla sinon somentes en dous ¿e sabes porqué, Antón?

---Home xa me da gusto oírte e espero sigas n'a explicación, Xan.

---Pois á cousa é ben crara; botando á semente solo nos dous reguiños d'os tres que abren os tres dentes d'a tabla, o dar solta con ela d'arriba pra baixo, volv'o dente dunha banda sempre pol-o último rego é sayen sin ningún traballo as filas mais direitas, e n'a primeira sacha é coser é cantar.

—Ay, Xan, ben che din alí que donde menos se pensa salta unha lebre.

Cando eu coidaba que d'os teus miolos pouco podia sair, resulta que me deixache parado e que teño que ir ó libro pra estudar ó teu modo de sementar, que non hay duda que é o mellor.

—Gracias á Dios, Antón, que levo á pas pra casa, é en pago de eso, si che parece, vamos botar un vaso.

—Home, eu non che vou, porque á verdade, teño medo de tomar uns pelos, porque hoxe en dia todo o viño que se vende eche *factoría*.

—Eso non debes decilo en Caldas, porque aqui hay uns mosquitos que sinten nacer as herbas, e en poucos sitios se avilla como n'esta vila, e ademais eu, si che hei de decir ó que sinto, o viño, sea como sea, *pol-o ben que me sabe, perdónolle ó mal que me fai*.



V

—Hola, Antón, aquí me tes hoxe mais contento que unhas páscoas estrenando monteira e polainas novas, e capaz de botar unha muiñeira como si tivese vintanos.

—¿A qué se debe tanta alegría como hoxe traes?

—¡Carau! ¡inda m-o preguntas! hoxe puxen o mellor que tiña n'a ucha porque dende o último palique en que aprobache o meu modo de sementar á

remolacha, fun á casa, e nin muller, nin xenro, nin filla me chistan, por que francamente lles dixeran: sabede que ó que tiñades por burro, sirve pra mais que pra comer *papas barbudas*; no último palique fixen ir ó libro a Antón, que todos ó respetan como ó mais leido d'ó lugar, é agora non consinto mais autoridade n'a casa que á miña; e si alguén se desmanda mantéolle ó lombo qu'ó ven Dios á ver.

—Moito me gusta, Xan, ó que fixeche, porque francamente xa era tempo.

Eu nesa parte dende ó primeiro día tomei ó consello d'un amigo e dixerolle á muller —*o primeiro ano pra donde ti queiras; no segundo pra onde teña mais conta, e o terceiro arre burra pra aquí.*

—Home, eu non supen esa boa receta e hubo outro que me aconsellou qu' a muller non lle dese mais que duas tundas, si as merecía: *n'unha que a vi-*

ñese Dios á ver, e noutra que fose ela á ver á Dios.

—Eso, Xan, é unha burrada, porque o home que lle pega á muller, nin é home nin farrapo de gaita. —E certo que é muy feo que un home lle sacuda á pavana á muller; pero n'esta ocasión non tiven outro remedio si non votar man d'o primeiro fungueiro que atrapei e levantalo no aire decindo en presencia de toda á familia: «dende hoxe acabei de ser Xan, e recollo os calzós que me deixei quitar, pra non consentir mais que ninguén os poña n'a casa.»

—Fixeche ó que debias, Xan, porque á verda é que os calzós é mala prenda pra deixala quitar, porque queda un home demasiado lixeiro é en traxe de vran, espoñéndose á coller un dolor de barriga.

—¡Hola, Alberte! tamén ti ves á escoitar os nosos paliques?

—Xa cho creo, Antón, anque hasta agora non fixen mais que escoitar; teño frebe por meter vara n'os vossos paliques por que vou vendo que *Fray Prudencio* vay meténdose en todas partes, e como sempre, vai saír c'oa sua en ben de todos.

—¿E ti fixeche contrato pra sementar remolacha?

—Xa ó creo, e penso dobrar ó que puxen, por que xa vexo con gusto que aquí entre nos naide queda sin sementar, á pesar de tantas burradas é mentiras como fixeron correr por un lado é por outro.

—Moito me alegro, Alberte, que ti é outros como ti, pensen de esa maneira; por que este é o verdadeiro modo de precurar o ben de todos. Con decir mentiras é esparcir calumnias, nada se consegue por que o fin e o remate á verdade non pode ser mais que unha.

—Eso veño predicando eu: que non pode haber duas verdades e pol-o tanto eu creo canto predican os nosos señores curas, os Alcaldes, Secretarios, e por último canto nos veñen dicindo os señores que compoñen ó Consexo d'a Azucareira que ó fin e ó cabo non son ningúns pelagatos, e ademais ¿de qué lles podía servir ó enganar un ano os labradores?

¿Quen perdería mais, nós ou eles?

A ningún se lle pode meter na moleira que os que se determinaron á levantar un caserío como ó que se está facendo, e meter dentro semellante maquinaria que costa tantos millons, fose pra enganar á outros; por que eles serían os primeiros enganados perdendo mais calquera deles solo, que todos os veciños nosos xuntos an'que sementase mitá do que ten á remolacha.

—¿E quen pode ter duda neso? nin-

guén que sepa botar unha conta anque sea pol-os dedos. O que eu quería, Alberte, era que á nosa xente botase ben as contas e de esta maneira non se ourian tantas burricadas, e si non ven ti acá. ¿Pensas ti que si o labrador botase á conta como debe podía sementar millo? Non home, non. ¿Pénsas ti que si o labrador botase á conta como debe podía criar o porco pra dimpois vendelo por menos do que lle custou?

Pois estas contas son as que se debían sacar é non andar con bobadas de que sementar remolacha custa mais traballo que sementar millo, e que se correun grande riesgo en perder o millo por sementar remolacha.

—Si, home, si; parece mentira que non poña cada un d'a sua parte canto poida por axudar á levantar unha industria que tantos beneficios nos ha de traer á todos.

Porque eu tamén che pergunto, Antón: ¿quén deixa entre nós de poñer patacas á pesar de que hay tantos anos que se nos perden? Ninguén.

—Home eu estou c'a boca aberta escoitandovos é tamén quero meter baza por fin do palique d'hoxe.

Eu xa sabes, Antón, que non quería sementar moita remolacha; pero agora xa vou vendo tan craro que mitá d'a terra que teño vouna a sementar, e si se me atravesa alguen en contra n'a casa rómpolle a alma.

—Véxote moi valente, Xan.


—Si é certo, pero é porque miro que os nosos paisanos deberon ser sempre o mesmo, e si non vovos á decir un verso que me deprendeou meu abó.

—¡Holá! ¡holá! tamen resulta que che gustan os versiños?

—Xa cho creo, e velos ahí van:

*Si buscas honestidá,
Desinterés e franqueza,
Boa crianza e limpeza
Trato, conciencia e verdá,
Concordia, hospitalidá,
Correspondencia, caricia,
Goberno, equidad, xusticia
E outras cousas á este modo;
Non te canses porque todo
E contrabando en Galicia;
Pero si buscas codicia,
Mentiras e falsedá,
Grosería e suciedá
Soborno, roubo, inxisticia,
Pleitos, discordias, contenda,
A murmuración sin rienda,
Y vicios hastra non más,
Ven á Galicia e verás
En cada casa unha tenda.*

Vos vedes como retrataban ós nosos antepasados a nosa xente, pois hoxe que toda cambea é preciso que ó señor de Labarta nos poña outros que nos dén mais creto, si ó merecemos.





VI

—E logo, Antón, cómo che foi desde o domingo?

—Non houbo queixa, Xan, gracias á Dios. ¿E n'a tua casa?

—Mira, hó, pidoche que non me fales d'os da casa, porque teño medo que todos vayan tolear.

—Pois ¿qué pasa?

—¡Qu' á pasar, Antón, qu' á pasar! qu' ali xa non se fala, nin se pensa, nin

se fai nada que non sea sementar ou cultiva-la remolacha.

Ben sabes ti os traballos que pasei, a padricar co-a muller, co-as fillas y-o meu xenro, pra qu' a sementasen, pois eu sempre compreudin qu' eso era a nosa salvación; pero eles, arre é arre que nón, cansáronse de botarme maldiciós, chamáronme larpán, fillo d'o coxo Barrós, besta brava, e sobre todo que quería metel-os n' un enredo d' o que ibámos a sahir co-as mans n'a cabeza, e sin unha berza pra botar n' o pote. Eu, sin embargo, agoantando todo aquilo, co-a esperanza de conseguir o convencel-os, por mais que, escomenzando por Farruco, o home d'a miña filla Carmela, e acabando pol-a dona, sonche todos un fato de burros, que nin pra rebusnar teñen grasia, Xan.

—Boeno; pero, qué é o que tés ti que decirme d'eles?

—Bota un misto, déixame darll' unha chupada á este proyeuto de cigarro, e escoita o milagre.

—Vamos á ver logo, que xa estou fervendo por oirte.

—Pois escoita: viña eu d'o monte o anoitecer d'o xoves, cando estando xá preto d'a miña casa, oinche n'a cocíña unha algarabía de cen mil demos, qu'o pormeiro púxome medo, mais en acercándome vin qu' estaban todos de festa, pois chegara aquela tarde, sin avisaren, Roque d'Estoupapouzas, tío d'a miña muller, qu' estivera mais de sete anos en Asturias, sin vir pol-a nosa terra. Déboche advertir que aquela barumbia non era todo por amor á-o tío, pois com' é solteiro, fixo os sesenta e cinco pol-o Nadal, e estache moi, pero moi aforrado, y-é perciso telo contento; pois hastra o d' agora non nos perdeu a afición.

Claro está qu'á pouco de chegar preguntou por min, e faltoulles tempo ós indinos pra decirlle pestes de min, que si esto, que si o outro, que si non pensaba mais qu' en arruinalos querendo bota-l-as terras á ese demo d'esa remolacha, ou remo-porras, que mala cen....

—Cala, Xan, non xures, qu'eso non está ben; non t' enrites e acaba o conto, que de veras mereces que che pague un neto pol-o ben que t' espricas.

—Pois ben; cando acabaron de gomitir barbaridás, comenza o tio Roque, qu' é un home muy sabido e que ten tanto de burro como ten de manso • demo:

—Alto ahí, meus amigos—dixolles—qu' en canto a planta-l-a remolocha, o voso Xan é o único que ten razón, pois n-a miña vida vin cousa millor nin que mais productos dera o labra-

dor. ¿Querédesmo decir á min, que veño d' esas terras d' Asturias, que xa quixeran chegarlles á-as nosas, e onde cada ano plántase mais remolacha?

E mesmo unha gloria ver aquelas veigas sementadas por ferrados a centos.

Alí vos hay cinco frábricas e non dan avio a recibí-l-os carros que chegan pol-as portas día e noite, e, o qu' é millor que todo eso, aqueles labradores están facendo cantos cartos queren, porque despois de mercar sal e fariña, e patacas, e palla, e fabas, e canto lles dá a gana, aínda lles queda unha boa porrada pra botar n' a ucha.

Pódo-vos xurar que non hay traballo que mais premie qu' ese, contra-ó que estábades xurando, sin saber d' o que falábades. Queredes oír o consello de quen tan ben vos quere como eu?...— Pois sementade remolacha, e xa veredes si eu minto.

Deixou de falar, e todos á unha ber-
rran: --- Viva a remolacha! viva o tío
Roque! --- e desd' enton, como che
dixen, n'a casa xa non se pensa n'outra
cousa.

— Dios che premie, Antón, o ben
queme fasco' esa explicación. — Voume
correndo pr' á casa, e de mañán non
paso sin botar unha ducia de ferrados,
e xa verás tí si detrás de min non veñen
todos os do lugar, com' un rebaño de
mansas ovelliñas, facendo o mesmo.



VII

—Bos días, Xan. Vexo que cada día estás mais foncho, mais majo é mais limpo, dende que escomenzamos os nosos paliques n'a veira d'o adro, sobre á sementeira d'a remolacha.

—Xa cho creo, Antón. Este favor solo á ti cho debo, porque dende que levantei ó fungueiro n'a casa é dixeran *aquí ninguén me tose*, xa parece que vin do outro mundo pra este. Agora andan todos pra darme gusto, teño a

roupa sin falta d'unha puntada, todos escoitan ó que digo e cumpren o que mando, e n'a miña casa todo é orden e hoxe estamos como ó peixe n'o mare.

—Eso tiña que suceder a si, Xan, por que os ingleses dinche que «onde hay moitos cucíñeiros nunca sai ben o caldo». En todo sucede ó mesmo; n'a casa que son moitos á mandar todo sai o revés e convírtese n'unha xaula de tolos.

—Pois eso débocho á ti, Antón, porque abrichesme o's ollos á verdade; e ó meu deseo é *que Dios che dea tanto que non teñas d'onde o meter.*

—Agradézoche á boa intención pero ó mellor é ter onde gardalo.

—E vamos á ver ¿qué vas á facer c'oa sementeira da remolacha?

—Pois chico, votar canta terra teña.

—Pero Xan: eu ben digo que te alcontro muy demudado.

—¡Toma! ó primeiro n'on habia xente nin demo que me fixese entrar por eso, pero agora espero que ninguén me ha de poñer ó pé diante porque estou ben certo de como se sementa, como se traballa, e como se dá, é como se colle. Ademais comprobei a's contas que fai á «Azucareira», repaseinas c'a testa, deille mil voltas os dedos, e contando con todo, ó sementar millo empeñámonos.

—Vexo, Xan, que abrici'os ollos moito antes d'o que eu pensaba. Eche tan verdá ó que ti dis, que si á nosa xente fose traballar por un xornal n'a frábica da remolacha, sacaba moitos mais cartos que sementando millo, anque conte con palla, dentellas, pendons é pasto.

—¿De maneira que perdeche ó medo é vas á botar toda á terra?

—Xa cho vexo.

—A min pasoume, Antón, ó que lle pasou á un d'os nosos paisanos que fixo un viaxe á Fransia, é cando veu de volta, ardia eu por saber como demo fixera pra entender á fala d'os franceses, por que eu levo oído moitas veces á esa xente, e leve Xudas si cheguei á entender nin unha palabra, por que «pra aquí entre nós» non che falan c'omo o's mais homes. ¿Como fixeche pr'a entender o's franceses? —pregunteille ó noso paisano cando volveu. E sin siquera romper a moleira respondeume: —«*O primeiro custoume algún traballo, pero pronto caín n'a conta*». ¿E logo, cómo falan os franceses? —Pois mira, o *pan* chámanlle *pen*, o *viño*, *ven*; os *ganchos*, *cousas tortas*; e todo o demais, como nós.

Quedei ademirado d'a rimposta e dixenlle que pra deprender ese francés non se presisa dicionario.

—Pois ve-l-aítes o que sonas cousas, Xan; o que lle pasou o noso paisano que foi á Francia pr'a aprender ó francés, pasouche á tí pra sementar remolacha; o principio custouche traballo entrar é agora pol-o que vexo, es capaz de sementa-la hastra na cama.

—¿Sabes que mais, Antón? eu ó que vexo e que xa todos cambearon; ó noso señor Abade e todos os seus compañeiros d'o partido, vanche votar unha boa parte d'os iglesarios a remolacha. Todos os señores alcaldes é rixidores d'o partido, van facer ó mesmo. Os que teñen leiras grandes ofrécenllas á *Azucareira*, e vexo que toda esta xente que de burros non teñen migalla, vexo que ningún se queda atrás, e discurrindo así eu boto canta terra teño, é si mais tivera mais poñía, porque ó que da diante, da dúas veces, e ó que adiante n'on mira, atrás se queda.

—Pois mira, Xan: eu, que dende ó primeiro estaba resolto á sementar toda á terra, non solo vou á por as miñas leiras todas, si non qu'ei de tomar algunha mais á renta, porque francamente vexo á gananciña o ollo e o que é burro, mala morte ch'o mate.

—Si ven algún larpeiro envidioso á decir que non semente remolocha, vou á despedil-o con gaitas destempladas dicíndolle ó do conto, *vai con Dios, kirmau, que xa veu outro é n'on levou nada. é non se pode dar á todos.*

VIII

—Alberte, ¿quén demo corre tras ti que ves feito un pemento, votando fogo pol-a cara, e si che corren á roupa bota auga c'omo n'a colada?

—Tes razón, Antón, veño certamente afogando, porque francamente os teus paliques con Xan, n'a veira d'o adro, metéronme tal interés qu'hoxe ó sair d'a casa fixen intención de encontravos parolando, é así e, que corrin hastra non poder mais, porque teño

sempre presente qu'ó que *non ten pan xa ceou, e ó que chega tarde non cea.*

—Pois séntate aquí un pouco é regarda ó sudor, qu'hoxe podemos palar con cachaza, de todo ó que queirades.

—Home, eu quería tratar de algo novo, porque ó asunto d'a remolacha, xa ó vou sabendo de memoria, porque fun á *Azucareira* e ó ver ó que alí hay e o que me dixeron que ven pol-o camiño, dixeran pra os meus botons: anque se teña que traballar moito, hay que facer canto se poida pra axudar á o's gallegos enxebres que por levantar á nosa terra, espoñen tantos cartos é deixan as suas comodidades d'a casa por ver q'uesta frábica sea á mellor e poida dar pra nós moitas cadelas,

—Ti dis, Xan, que xa podemos palar d'outra cousa, porque sabes de memoria como se sementa á remolacha

pero eu inda quería afirmarme mais, por que ti ben sabes que *desconfianza é caldo de galiña non matan á ninguén*.

—Déixate de desconfianzas ou de tramas, Alberte, porque che son burradas mais grandes que *pés de muíños*. Eu tamen o primeiro estaba n'a horta, e gracias á Antón, cain d'a burra, e hoxe astrévome á facer todos o's traballos d'a remolacha en menos tempo e mais baratos qu'os d'o millo.

—¿Viche n'a *Azucareira* os «chismes» con que se vai sementar? —

—Foi a primeira cousa que vin. Metinme entr' os carpinteiros é alcontrei ó señor Ramón con outros, que fan sementadoras como quen fai cangas pros porcos.

—Eche unha cousa tan fácil que n'ai labrador que non poida facer este *chismiño* que abre tres reguiños tan facilmente, é queda tan ben sementada

á remolacha como o millo ó rego, é na primeira «sacha» leva metade d'ó traballo.

—¿Que che parece Alberte, de como se exprica Xan?

—Estou ademirado ó que deprende en pouco tempo é si sigue así, leve Xuncas, si non vai á pillar unha praza de capataz de labranza d'as que vai á dar á *Azucareira* pra deprendernos á traballar ben á remolacha.

—Non che ten nada de particular, porque ó fin e ó remate, ninguén naceu deprendido, e Xan, foi feito d'a mesma masa c'os mais homes, é me parece qu' os gallegos hemos de chegar onde cheguen os d'os mais países.

—Si, home, si; n'outro tempo ó falar fora d'aquí de gallegos era como falar..... de calquera cousa, pero agora xa ven que somos *xente* e c'ó mais malo

é perder o medo, e dimpois xa veremos quen n'os pon o pé diante.

—¿Sabedes o que fai falta n'a nosa terra pra medrar com' ascuma n'a ola? Pois escoitade, Alberte é Xan.

Primeiro é preciso que volvamor á ter tanto creto como os nosos antepasados, en canto á honradez é laboriosidade.

Segundo, que mandemos ós nosos fillos é escola, pra que deprendan siquera o mais necesario, pra ter temor de Dios, é respetar á seus pais é os maiores en idade, por qu'oxe véñse rapaces mocosos que non respetan nada e mandan mais n'as casas c'os mesmos pais.

Terceiro, que ese vicho venenoso d'a maldita envidia, desapareza de Galicia, que todo o empobrece e rebaixa.

Cuarto, que donde apareza un gallego que procure engrandecer á *terri-*

ña, sea quen sea, votemos todos por él pra riba, porque hay que ter en conta que ninguén pode subir solo, é donde un sube, os que ó rodean non irán pra baixo. Aquí temos agora ocasión de dar o exemplo e o primeiro paso n' esta importante cuestión.


—¿E cómo se debe facer, Antón?

—Pois mira; aquí estase facendo unha frábica de azúcre; ó capital e todo de gallegos, de gallegos d'os mais importantes d'a *terraña*, e si esta frábica sale ben (como ha de salir, Dios mediante) ¿canto non pode salir d' este primeiro paso pra ben de todos?

Todos os que teñan un pouco sentido, deben sin reparar en nada, traballar, hastra mais non poder, pra axudar ós que se atreveron á levantar aquí un verdadeiro palacio industrial que vén seguramente á traer moitos é grandes beneficios pra todos.

¿Quén é capaz de saber hastra donde pode chegar ó beneficio da nova Industria qu' aquí se establece? Hoxe por hoxe, ningún. Pero é tan grande o beneficio que pode proporcionar á todos que eu, sin ser profeta, astrevíame á apostar que dentro de seis ou oito anos á nosa terra pode dar unha volta c'ó de baixo pra riba, e pol-o tanto, quen se precie de bon gallego debe votar os bofes axudando esta grande empresa porque d'ela depende ó pan de moita xente é ó porvir brillante d'a nosa región.

—Pois pol-a nosa parte, habemos de abrir á boca d'unha coarria é decir: *¡viva Galicia! ¡vivan o's bós fillos d'ela, e á traballar, que d'o traballo sale todo!*





IX

—Dios vos axude, é que non sea á paus c'onmigo Xan, Alberte é Antón. ¡Ola Farruca!, é tamen ti ves á meter cullerada n'os nosos paliques?

—Tés razón Xan, que á muller non debe ser tan descarada é meterse onde n'a chaman, pero por outro lado á curiosidade é tan propia de nós, é ademais como ó *Frade Prudencio* métese com'os piollos n'a camisa lavada, é xa non hay cán nin gato que non

lea ó diaño d'ó *Frade*, é como vexo que sabe canto lle esquece ó demo, non poden remedear á tentación de perder á vergonza é vir á escoitar en prúbico os vosos paliques.

—Pois que Dios te vexa vir con ven, porqu' eu sonche moi partidario de aquilo de *homes con homes é mulleres c'onmigo*.

—¿E ti que pensas d'eso de sementar remolacha, Farruca?

—Home eso non parece cousa nova, porque xa ó noso pai Adán, estivo xunto con Eva n'ó Paraíso en tempos que andiveron encoiriño por falta de xastres, e tapándose con follas de figueira.

—Pois por saber de vós, veño eu aquí, porque como xa vou vella, fai moito tempo que meu abó decia que si se lle bota á conta á todo, ninguén pode sementar millo.

—Pois pra que o sepas, nós estamos todos os tres tan dispostos á sementar canta terra temos, que naide nos fai dar volta pra atras. Deixaremos n'ó enxido un par de cuncas ou tres de terra pra por coles por ter verzas pro caldo, e todo ó demais vai pra remolacha porque xa vamos vendo que todos van pensando d'outro modo e ó que ten que *suceder, sucede*.

—Pero vamos craros ¿votastes ven as contas? porqu' os números si están ben feitos, ou ben postos non che marran.

—Mira, Farruca, á nosa disgracia e que en contar e en sabedencia tamen estamos como en tempos de Noé.

—Claro está que así ten que ser, porque empezamos por non ter escolantes.

—¿Cómo dis, Farruca? Non hay escola no teu lugar?

—Hay, home, hay. ¿Pero qué crás de maestro queres que teñamos por 50 pesos o ano?

—Eso eche ben certo que un criado de servir croba mais soldada.

—E que interés pode ter en ensinar? Ademais os pais cando debemos mandar os fillos á escola fan falta pra ir c'ó gando e outros traballos, e como non poden ir diario á escola resulta qu'ó que deprenden n'un mes esquén-cenno n'outro. Pero deixémos eso é vol-vamos á conta d'a remolacha.

—Pois n'eso que che diga Xan ó que deprendeu, que o primeiro estaba terco é agora ninguén lle pon ó pé diante.

—Toma vosté mais contas que vol-tas da un moíño, tanto c'a moleira como c'os dedos e todas saen en favor d'a remolacha; é como son home que non me gusta andar á barullo, ahi vos vai á miña conta pra que á estudiedes

e digades si estou no certo ou boto millo á pitos.

CONTA D'O QUE CUSTA TRABALLAR UN FERRADO
DE TERRA POSTO A MILLO

	<i>Pts.</i>
Por labrar á terra.	3'50
Por gradar, desfacer os terre- nos é cavar o que non pillou o arado	1
Por sementar con duas perso- nas e un par de bois	2'50
Por tres carros d' esterco pos- tos n'a veiga, á 4 pesetas cada un	12
Por sachar, limpar milluns é cotear	1
Pol-a primeira sacha.	2
Pol-o arrendo.	1'50
Pol-a recoleución, escaron- char e meter n'o cabaceiro. .	2'25
Pol-o millo d'a semente. . . .	0'75

Por duas regas á 1 peseta. . .	2
Por unha ou duas aireaduras e volvelo o cabaceiro. . . .	1'50
Pol-o millo que se perde en ca- zolos cando fai mal tempo .	0'75
TOTAL. . . .	<u>30'75</u>

De sembradura. -- Pode producir un
ferrado:

En terra de boa clás 10 ferra- dos d'a tres pesetas.	30
Por palla, pasto, fabas é can- deas	6

TOTAL. . . . 36

De maneira que si os gastos custan
30 pesetas é 75 céntimos é os produc-
tos dan 36 pesetas temos unha ganan-
cia de un peso e un real por cada fe-
rrado de terra, sementado a millo.

—Eche unha boa ganancia. Ben podemos comer e dar o's cans.

—Pois estas contas non marran anque se boten pol-os dedos.

Agora vamos o que pode dar a remolacha :

GASTOS PRA POR UN FERRADO DE TERRA
A REMOLACHA

	<i>Pts.</i>
Por gabear c'o legón, que é moito mellor traballo que labrar.	6'00
Por gradar e cotear	2'00
Por sementar	1'50
Pol-a primeira caba e rareo.	4'00
Pol-a segunda sacha	1'50
Por collela e cortala	5'00
TOTAL.	20'00

PRODUCTO

Por moi mal que salga debe dar
cada ferrado de terra tonelada e media, que á 35 pesetas. son 52'50

De maneira que un ferrado de terra posto a remolacha, deixa unha ganancia de 32'50 pesetas, e xa vedes si é preciso ser moi burro pra non entender esta conta.

—Pero hay quen dí que n' os quedamos sin millo pra comer e dar o gando.

—O que é pra comer, xa se podia acabar, con tal que teñamos pan trigo; pero ademais ;non leeches no *Frade* do domingo pasado qu' os d' Azucareira van traer un barco ou dous ou cantos fagan falta, cargados de millo de mellor calidade c' o noso, prosque non queiran pasar sin broa?

—Pero ti tel-o demo, Xan, si veñen todos eses barcos de millo, o precio baixa e entonces cada ferrado de terra non da vinte perras chicas.

—¡Ola! ¡ola! Farruca, ti logo caiche n'a conta; si os d'Azucareira traen moito millo vámol-o ter moy barato pra poder cebar os porcos e o gando, e comeremos nós pan trigo c'os cartos d'a remolacha.

—¿Sabes quen vai pagar aquí os vidros rotos, Xan?

—E quen, Farruca?

—Pois sonche os c'oxe viven de renta en saco, porque si baixa o millo báixalle a renta.

—Toma, toma, eso a min non me importa, con tal qu'os probes teñamos millo barato tanto pra unha cousa como pra outra.

—Pois vou xuntar a comadre Carmela e María Antonia e Pepa Rita, e

con todas elas habemos de armar o deño n' o quinteiro.

Xa vos darei conta n' o palique do domingo que ven, e viva a **Azucareira** e quen' a truxo.



X

—Dios nos garde, Xan.

—Santa María faga contigo o mesmo, Farruca.

Vexo que eres muller de palabra e cumpres o que nos prometeche n' o palique do domingo pasado.

—Non faltaba mais que deixar de cumprir o que se promete. Anque sea unha muller, mal que me estea decil-o e en boa hora sea dito, e o demo sea xordo, nunca faltei á palabra que dése,

porque eso é propio mais ben de algúns homes farándulos que van c'os d'a feira e veñen c'os d'o mercado.

—Eso no dirás por min, Farruca.

—Nin por min tampouco.

—Por ningún de vol-os dous o digo, porqu' eso é bó pra eses mozos d'o día que son como gaitas desatornilladas e non pensan mais que en andar ben vestidos, traer n'o bolsillo algunha pistola e non servir mais que pra dar disgustos os pais, tirando tiros en festas e ruadas.

—Tes razón Farruca; á xente d'o día heche xente jafua. No noso tempo había mais temor de Dios, e os rapaces eran ben guiados, traballaban o que podían, e non daban un disgusto os pais. Pero hoxe; ¡Dios me libre! hay cada *escarabello* pequeno que nin Xuncas fai bó d' él.

—Pero deixémonos de filosofías,

Farruca, que n'on nos chama Dios por ese camiño, e danos conta d'o que pasou n'o quinteiro.

—Home á eso veño, porque á verdá e que sucedeu ó que sucede sempre que nos xuntamos moitas mulleres; que ó primeiro é un mercado, dimpois unha feira e ó último ninguén se entende.

—Tamen che pasa algo c'os homes, Farruca, que por algo hay aquel refrán antiguo que di:—*Si quieres n'on facer nada, convoca á xunta.*

—Bueno, eso, e unha gran verdade, pero de todas maneiras donde moitos falan algo se deprende, porque cada unha dí ó seu pensamento e de moito malo sempre se deprende algo bó. Miña comadre Carmela foi d'as que mellor m'axudou, pois fixo que n'on sabía e era quen mellor tiña botada á conta de todo, é de todo estaba ben enteirada.

—Pero vamos craros ¿qué foi o que falastes?

—Direiche ó principal porque aqúello semellaba á un avesoiro.

Supo miña comadre Carmela, que D. Jesús Salgado estaba tomando terra en arrendo pra sementar á remolacha, e que pagaba dende tres á seis ferrados pol-a xeira de terra, é que lle propuxo á todos os caseiros que siguisen traballando á terra qu'el se encargaba de pagar á renta ó dono da terra e garantizaba ó labrador á cosecha d'ó millo, pro caso que non se dese á remolacha. E que eso debiamos todos acetalo porque ninguén se espoñía á perder nada.

—¿E que lle contestaron á esto?

—Uns que perdían ó pasto, outros que perdían as candeas, outros que perdían as maraballas que nacen entre ó millo, outros que non lles quedaba palla; é n' unha palabra, que ninguén

quería traballar as terras arrendadas con ningunha crase de condicións.

Miña comadre, que xa vai vella é non se asusta c'os berros é quere que lle diga cada un, por qué razón non fai as cousas, dixolle francamente: si D. Jesús responde d'a palla, d'o millo e de todo, non hay porque deixar de facelo, e ó que non queira obedecer debe obligalo pol-a xusticia, porque ninguén ten dereito á ser *burro perxudicando os mais*.

—¿E dixo eso tua comadre Carmela?

—Xa o creo que o dixo, e armouse unha de mil demos, por que unha decía: eso de obrigar pol-a xustisia, un demonio para él; outra decía: eso xa ó veremos porque cada un do seu, pode facer un pandeiro, é si non lle da gana de sementar á remolacha sementa anque sea toxo n'as veigas.

—¿Ti oyes, Xan, o lío que armou

Farruca n' o quinteiro por mor da remolacha?

—Xa o creo, e vexo que, como sempre, as mulleres prantean os principais problemas.

—¿E logo por qué, Antón?

—Porqu' oxe mesmo vou á escribir á D. Bernardo, ó noso deputado, pra que consulte con seu tío D. Práxedes, si entre os dereitos individuais garantisa á constitución ó de ser burro.

—Pois eu bou á consultar c' o noso señor Abade si é pecado mortal ou venial ó *obligar* ó labrador á sementar á remolacha, respondéndolle de todo *riesgo*, si ten él dereito á ser burro en perxuicio d' os mais vèciños.

—Sonche dous casos novos que van ser motivos de varios paliques.

Adios todos, e hastra outro.



XI

—¿Qué che pasa, Xan, que vés sudando á mais non poder?

—Veño de presa e correndo por chegar antes que Farruca, porque esa muller, armou un lio n'ó quinteiro, con sua comadre Carmela, e os demais veciños, que n'on vai haber deño que ó desenrede.

—¿Enton que pasou n'ó quinteiro?

—Pois ó deño e á mona. Tan pronto á comadre de Farruca, soltou á idea

que D. Jesús Salgado, debía obrigar pol-a xusticia á sementar remolacha, foi tan grande ó barullo que alí se armou, que estivo á punto de acabar todo c'omo ó rosario d'aurora. Unha decía, maldito sea quen truxo eso d'a remolacha. Outra, inda lle creben as pernas. Outra, ó demonio que tal truxo, debe estar ardendo no inferno. En fin, á que mais e o que menos era capaz de poñer á quen tuvo á culpa que viñese á frábica pra Caldas, n' unha esparrilla é queimalo como S. Lourenzo.

—Pero Xan ¿e posible qu'eso sea certo?

—Eche tan certo, Antón, c'omo ti é mais eu hemos de d'ar conta á Dios.

—Mira, Xan, anque á cousa sea un pouco dura, eu son d'o parecer d'a comadre Carmela, que ninguén ten dereito á ser burro perxudicando os mais.

—Pois eu aconsélloche que non digas tales ideas, porque si non vante á correr d'aldea com' as meigas, e con razón ou sin ela mantéanche ó lombo, e si che rompen unha costilla, ninguén as paga por ti.

—Home, eso de ter medo por ouir mais ou menos burradas, non é propio d'homes. Eu pol-a miña parte hei de decir á verdá, parézalle mal ou ben á xente, pois pra algo nos dou Dios ó entendemento.

Ademais n'a nosa doutrina deprendemos qu' é unha obra de caridá ensinar ó que n'on sabe.

—Si, home, sí, pero noso Señor Jesucristo veu ó mundo por redimir os nosos pecados, e crucificárono.

—E certo; pero aqueles bárbaros viron despois que foron uns malvados e ademáis noso Señor xa baixou ó mun-

do pra ser martirizado, e esto n'on admite comparación.

Por outro lado, é preciso ter á cabeza de pau de «corticeira» pra non comprender que onde se pranta unha frábica com' a *Azucareira*, dende que se comenzan os cimentos hastra que á frábica fai azúcre, non hay mais que estender cartos pra todos.

Mira ti, Xan; ¿canto non levarán gastado n'as obras d' *Azucareira* dende ó mes de San Xuan d' o ano pasado en que comenzaron os traballos?

Primeiro, cartos á puñados pros que venderon as terras, e que c'o eles fixeron casas qu'oxe lles dan unha renta que nunca n'ela podían pensar. Dimpois, entre peons, carreteiros, canteiros, carpinteiros, mulleres é rapaces, hay un examio de xente que non fai mais que ganar.

—Home, esas cousas solo un cego nas vé.

—¿E que che parece agora, Xan, d'a xente que se vai empregar pra sementar as^m terras que arrende D. Jesús?

Por decontado xa chegaron d' Asturias D. José Palacios e D. Fabriciano García, qu'os trae á *Azucareira* como Direutores d'o cultivo, pra enseñarnos como sementan é cuidan á remolacha n'a sua terra. Esto xa ves q' elle custa os cartos pra enseñarnos á nos.

D'aquí parece que van tomar nosos fillos de labradores pra que deprendan ben o cultivo é salan dimpois pra ensinar outros, por todos os Aunamentos d'estas comarcas, onde pranten remolacha, e dimpois estes mozos quedarán empregados n'os traballos d'a frábica; de maneira que todos os beneficios son pra nós.

Alá ven Farruca correndo; |veremos

que trai d'a consulta que lle levou ó Señor Abade.

—Ola, Farruca, oxe chegache tarde, e o que chega tarde n'on cea.

¿Que che resolveu ó señor Abade d'a consulta que lle levache d'o palique pasado?

—Pois díxome que á consulta e un pouco intrincada e que ten que levala a's primeiras conferencias que teñan n'a Sancristia, porque ó caso ten perendengues.

—¿E á ti contestouche ó noso Diputado?

—Sí; pero dice qu'ó caso ten pelos e que vai facer unha proposición de ley pra que á discutan os Diputados.

—Pois mirade, Xan é Antón, miña comadre Carmela é mais eu dende que supemos que os d'a *Azucareira* nos piden á cada labrador mais que a coarta parte da terra que teñan pra

remolacha, e que si a remolacha non da tanto com' o millo, abona en cartos ou en grau a diferencia, non hay motivo pra deixar de sementa-la.

—Xa se ve, que non; pero agora que ven que dá mais c' o millo, veñen con que non lles queda palla.

—Esas son burradas, Antón, porque si nos traballamos catro ferrados de de pan, é dos catro poñemos tres á millo e un á remolacha, fago de conta que non me faltará palla porque c' os restos de remolacha, cando se corta o collela, e co-as polpas que me regalaran n' a frábica, teño mais que dar de comer ó gando que co' a palla que falte d' un ferrado de terra.

Dimpois que se levante á remolacha sementase herva, e xa verán o's que falan bobadas si se da unha herva que se pode comer en ensalada.

Mirei que se enganaran n'a imprenta o poñer e precio que abona don Jesús por renta d'a terra; dixeran que abonaba de tres á seis ferrados de millo por xeira, e eso abono por ferrado.

Estouche de presa; e pra semana xa verás o que e bó.

Adios, adios, e Dios vos garde.



XII

—Ay Antón, según vexo sale o pé d'a letra canto falamos n'ó comenzo d'os nosos paliques.

—Por que dís ti eso, Xan?

—Pois home digo porque vexo que vai sucedendo canto pronosticamos.

—¿Non che da gusto ver esa verdadeira compañía de traballadores enxebres, todos gallegos como os que truxo D. Jesús pra gabear as terras que tomou en arrendo pra sementar remolacha?

—Pois non mei d' alegrar? Asi, asi e como n'outro tempo se ganaban as fillas dos homes de ben.

Oxe, Antón, parece q'os mozos d'o día teñen á menos traballar n'as terras e n'o noso tempo ben ti sabes c'o maior garbo era ser labrador, porque d'a terra sai todo, e ti ben debes recordar que nosos abós xa decían: *Si quieres ter alegría, sementa e cría.*

—Si, home, si, falas como un libro, e como de *cén en sén anos volven a's aguas p'olos mesmos canos*, xa verás ti c'omo á *Azucareira* vai facer qu'os nosos rapaces tomen con gusto os traballos d'a terra e sean verdadeiros agricultores.

—¿E ti sabes, Antón, donde ven esa brigada de homes, que me fan estoupar d'alegría, o ver que ben traballan a terra, e que xogan c'as eixadas como si fosen xunquillos?

—Sei, home, sei; dende que viñeron xa tratei de saber todo.

Pero ¿como deños fixo D. Jesús pra topar tanta xente en menos tempo que canta un galo?

—Pois foiche a's obras d'a *Azucareira* preguntou si había alí quen tivese gusto en gabear, e de contado tropezou con Antonio Vidal, mozo reformado e veciño d' Ourense, en Xinxo de Limia, e decontado lle dixo: D. Jesús, aquí estou eu pra traballar canto vosté queira. Pra min ó traballo que me deixe ganar moitas cadelas, elle ó qu' eu quero.

—¿E podo contar con moitos compañeiros como ti?

—¡Vaya si pode! dende pasado mañá conte con dezanove ou vinte, é dimpois c'antos vosté precise.

—¿E non me podías dar o's nomes d'os que xa contas pra pasado mañán?

—Si, señor, si; sin perder un momento, velos ahí van:

1.º Cándido Rodríguez.

2.º Santiago Barga.

3.º Fructuoso Blanco.

4.º Bernardino Goride.

5.º Teófilo López.

6.º Lucas Vidal.

7.º Elisardo Alvarez.

8.º Benito Díaz.

9.º Evaristo Rodríguez.

10.º Bernardo Salgado.

11.º Salvador Bargas.

12.º José Alonso.

13.º Manuel Barrio.

14.º José Díaz é seus hirmaus; y

15.º Un servidor de vosté.

—Vexo, Antonio, que sirves pro caso, e dende hoxe, conta que tanto tí como o's teus compañeiros terés traballo seguro; pois dende Marzo á Setembre traballaredes pra sementar

remolacha, e de Setembre á Nadal tendes pan seguro dentro d'a frábica facendo azucre, de maneira que sin saír d'aquí ganaredes boas cadelas.

—Dios nos axude á todos, e veña traballo, que xa verá vosté como ga-beamos e deixamos terra atrás.

—Cala Antón, cala; eu teño pra min que si se xuntan cincuenta homes como estes e lle poñen bo xantar c'un par de netos de viño pra cada un, n'ai pra eles terra que lles chegue.

—¿E que me contas d'os asturianos que viñeron pra ensinar á sementar?

—Home, tanto D. José Palacios como D. Fabriciano García, son duas personas que se fan querer.

—¿E ti xa falaches co' eles?

—Xa cho creo. Dende que supen qu'iban sementar unha veiga en Chain fun tras d' eles, como can tras do dono.

—¿E que che parece d'o traballo de sementar remolacha?

—Pois francamente, Antón, é inda moito menos d'o q'eu pensaba.

—¿E mirache ben como facían?

—Tenche ben pouco que mirar.

Dentro d'unha semana veras tí c'os fillos de Barcala, Ramos, Montero, Buceta, Aboy, é outros mais, que tomou á *Azucareira* pra que deprendan c'os asturianos á preparar ben todos os traballos d'a remolacha, están mais diestros que si huvese vint' anos que se dedicasen ó cultivo d'a pranta que tantos beneficios vai traer pra todos.

—¿E dime tí, xa traballan todos eses mozos que me acabas de lembrar?

—Non che falta un, é teño pra min que si se portan ben, xa teñen pan seguro e non necesitan andar á que salta.

—Pois digoche francamente c'os d'a *Azucareira* non son mancos é teñen bo

ollo porque como vayan xuntando mozos como o's que me lembrache, fan á sementeira na mitá do tempo.

—Pero, home, si non ten nada que facer ó sementar, é dábanos tanto medo o ano pasado.

—Mira Antón, dimpois de labrar ou gabeear á terra qu'eso sabeo facer calquera labrador, por moi burro que sea, todo o demais eche coser e cantar.

—¿E viche ven como labran e gabeen?

—Labrar fan como nos, e gabeear xa non e o mesmo; pois estes mozos que trouxeron non abren gabea de través sinón que pranan o campo e van cabando pra diante, deixando ó campo enterrado c'ó esterco, e a terra en montons. Mira, a cousa eche asi:

Primeiro estenden o esterco e mais a borralla que da a *Azucareira*, sobre o campo. Dimpois labran ou gabeen, se-

gún o dono queira facer a cousa, mais barata ou mais cara. Deixan estar á terra a airear tres ou catro días en montons e dimpois que pasa este tempo volven á estenderlle outra borralla e o salitre d'a *Azucareira*, e si é pouca terra achánzana c'os angazos e dimpois que está ben achanzada c'o chismiño q'eu che dixen con tres dentes, fan o's riscos ou regos sobre da terra, botan en eles á semente, é cubren c'un angazo de costa, á semente, e velai tes todo o traballo feito.

Digoche á tí, Antón, que basta ver sementar unha veiga pra saber todo.

Si é pouca terra, basta igualala c'os angazos; e si son grandes as veigas, n'ai mais que gradar, limpiar ben d'ervas a terra, sementar c'o mesmo *chisme* ou con unha maquiniña pequena, e cotear c'o canizo, como pro millo, e xa queda feita á faena.

—Pois sabes que mais? ó tempo está que non pode ser mellor; vou á ver un día como fan, entérome de todo, e nas veigas secas non paro hastra que as teña cheas de remolacha. *O que dá diante dá duas veces, ó que non ten pan xa ceou e papas sin leite a noite en aunes, saben que rabea*; pol-o tanto, á traballar, que deso sai todo.

—Eu estou tolo de contento, e queira Dios que non arme camorra co'a muller, porque non paro hasta sementear remolacha n'a «cama» e eu dormir no chan.

—Adios, Xan, e non perder tempo, porque á xente, o ver como á verdá de canto dixemos sale sin faltar punto nin coma, xa ves como cambea.

Por decontado, en Godos é n'outras partes vamos ver leiras de trinta é mais ferrados á remolacha, e por aquí todos aumentan a que puxeron.

Oxe xa nos corremos en charla mais
d'o que pensaba. Hastra ó palique que
ven; que Dios nos dé salude.
¡Adiós!



XIII

—Xan, tí non vés como corre Farruca car' a nós?

—Vexo, home, vexo; e oxe sacou ó fondo d'a ucha e trai posto ó pescoso ó pano de color de xema d'ovo que solo pranta o lombo n'os días de gran festa.

Veremos que nos trai de novo cando corre tanto como si alguén viñese tras d' ela.

—Bos días, Farruca, ¿qué deños de apuro téis pra correr tanto e vir

tan maja e tan limpa que parece que che rebaixaron vintanos?

—Primeiro, que Dios nos dé bós días á todos, e dimpois xa vedes que vin correndo como alma que leva Xudas por chegar ó comenzo dos vosos paliques; pois ó domingo pasado cando cheguei xa vos forades, é oxe apurei canto puden ó almorzo n'a casa, acomodei ó gando, dispuxen qu'as rapazas fosen pra herba, vestinme c'o mellor que teño n'a ucha e aquí estou pra non perder unha palabra dos vosos paliques, porque estou vendo que gracias á vosa idea de ir deprendendo todo pouco á pouco, xa non hay bicho viviente que non gaste unha cadela pra leer ó noso *Fray Prudencio* e deprender n'el como se sementa á remolacha é outras cousas que sempre nos conveñen, porque ó saber non ocupa lugar.

—E dime ti, Farruca, ¿resolveuche

o noso señor abade á consulta de si cometia pecado, o que obrigase á sementar á forza remolacha?

—D'eso quería darvos conta.

Espereino ó sair d'a misa, é pergunteiñe ¿señor abade, resolveron n'a xunta d'a Sancristía á miña consulta?

—Muller, á cousa téñ as suas voltas e oubo varios pareceres, pero aunque ó asunto non quedou resolto de todo, paréceme que á maioría entendemos que ó que obligue á sementar remolacha «á forza», sempre que lle asegure ó labrador como el queira, e n'a forma que lle dé «á gana», un produto mayor c'o que él había de coller, tendo en conta ó millo, palla, pendons, favas é pasto, non comete pecado mortal nin venial, pois entendemos que ninguén ten dereito á perxudicarse á si mesmo e o's demais nin por capricho, nin por malicia, nin por torpeza.

—¿E díxoches eso ó noso señor abade?

—O mesmo que vol-o estou contando.

—Pois muller, pensa como nós; anque non gusta facer a's cousas á forza, n'este caso cambea todo porque á ser burro nadie ten dereito.

—Hay, Antón, ¿e ó noso Diputado contestou á tua pregunta?

—Inda non pudo resolver de todo porque parece que trata de presentar unha preposición de *Ley forzosa de sementeira de remolacha* e outras cousas.

—Eu non sei pra que perden ó tempo n'eso; porque como decia miña comadre Carmela nontronte n'ó Quinteiro, pra defender ó que dixo que debían obrigar á sementar pol-a xusticia, tivo que xuntar á todas a's veciñas e decirlle co'a calma que ten miña comadre pra estas cousas:

Pois cando eu vos dixen que don
Jesús, debia por ben noso, obrigarnos á
sementar remolacha por xusticia, ar-
mástesme unha feira é un escándalo
que daba as doce, e agora que estades
mais serenais quérobois preguntar ¿qué
cousa facemos nos por gusto? ¿Paga-
mos por gusto á contribución á os tra-
bucos? Non; contestaron todas á un
tempo. ¿Pagamos con mais gusto os
consumos que nos obrigan á pagar
pol-o que non comemos nin bebemos?
Nos que non comemos pan trigo, nin
carne, mais que unhas cantas veces ó
ano, ¿non pagamos por forza pol-o
q'outros comen e beben?

Si se fai unha vereda, ou un fe-
rrocarril, ¿non nos venden as terras
á forza porque resulta en ben de
todos?

¿Si se fai unha frábica e lle fai falta
auga non temos que deixala pasar á

forza pol-as nosas leiras sin poder opoñernos?

Todas as veciñas tiveron que baixar á cabeza é decir que era verdade todo canto deixaba dito miña comadre Carmela; é entonces, ó verse ela que lle daban á razón, enseguida lles dixo:

—Pois si temos que pagar por forza a contribución, os trabucos, os consumos as cédulas, (qu'as mulleres maldita a falta nos fan) e si temos que ceder as leiras pras veredas é ferrocarriles por forza que de todo esto ben pouco proveito sacamos o's labradores, ¿non sería mais xusto que nos obrigasen á sementar remolacha á forza, asegurándonos a ganancia según nós queiramos?

—Eso non ten volta, dixeron todas as veciñas; porque o fin e o remate obrigábons a facer á forza unha sementeira en noso proveito, e anque o co-

menzo nos daba disgusto, dimpois daríamos as gracias.

—De modo que tua comadre dixo todo eso e convenceu as suas veciñas que tiña ela razón.

—O mesmo que pasou vol-o conto, Xan.

—Pois mira, Farruca; todo canto dixo tua comadre Carmela, é como o Evanxelio; pero a min non me amoca, porqu' eso non-o sacou ela da sua moleira e débello deprender algún letrado.

—Home, eso eu non cho sei, pero tratarei de averigual-o, e xa vos darei conta.

—N'a consulta non te metas moito, porque vou vendo que xa non vai facer falta que ninguén semente á forza, pois dende que don Louriano comenzou a chamar o's veciños, e lle vai decindo un a un como son as cousas, foi botando

por terra moitas mentiras que nos quixeron facer tragar, e verás como todos, o fin e o cabo, sementaremos o mais que poidamos; porque si o tempo levanta, de modo que ten todo preparado, e visto o pouco traballo que custa sementar remolacha, vaise botar n' ela como quen bota liño, e si tarda o bó tempo, penso que terá que vir a guardia civil pra poñer orden, porque vamos á andar á cachete limpo por quen ha de coller primeiro os estercos e as sementes.

Adios, e El queira que así sea, en proveito de todos.



XIV

—Bos dias, Anton.

—Que Dios nos bendiga, Xan.

—Oxe non tiveche descuido en vir ben cedo pra comenazar os nosos paliques á boa hora, Anton.

—Si ch' ei de ser franco, cada dia paréceme un ano hastra que chega o domingo, pois soño decote c'os nosos paliques, e esta semana fervia com' as verzas n'a ola porque chegase o domingo pra darche conta de canto puden ver e deprender referente á sementeira d'a remolacha.

—Home, eu xa non perd' o tempo n'eso porque vexo o asunto tan craro que me comprometeria á servir de maestro. Pois vel' ahi che ven Alberte, que nos deixou nos primeiros paliques e estou certo que ven por saber algo.

—¡Ola Alberte! parece que nos tiñas esquencidos e xa pensábamos que non che interesaba deprender nada d'os nosos contos sobre d'a sementeira d'a remolacha.

—Cala, home, cala, por un lado o tempo que fai tan malo e por outro o's diaños d'as parreas que non teño maneira d'acabalas presto, foron a causa de non poder palicar con vos, que tanto me gusta.

Sin embargo n'amentras estábades vos nos paliques o domingo pasado eu fun como quen non quere a cousa a *remosquear* o redor d'a casa de don Louriano, e teño que confesar

qu'andiven com' os papa-moscas co-a boca aberta d'unha coarta mais de duas horas.

—¿E logo que viche ali, Alberte?

—¿E eu seino?

—¿E enton estabas *apapamoscado*, ou dormias desperto?

—Que sei eu como estaba, si a casa de D. Louriano parecia un «avesorio;» aquilo nin o demo o entende, escoitaba d' un lado, un decía, *tínguilis, minguilis manguilis*, outro *manguilis, tranguiles, trásquiles*, outro, *les angases y les sardines*, en fin que todo parecía o que nos contan d'as torres de Babel e eu non apestillei nin jota. Pro meu modo de pensar, esa xente forasteira non fala com' os mais homes.

—Fala, home, fala, solo que nós como non fomos a'scola non entendemos pelotada de nada.

—Non me digas eso, Antón, que non hay escola que chegue pra deprender semexante faramalla.

—Hay, home, hay; o qu' esa xente deprenheu, tamen nós o aprenderiamos si tivésemos bós maestros e fôsemos de pequenos a'scola.

—Pero ¿ti sabes de que terras de fora ven tanta xente?

—¿E n'ei de saber? Oxe temos n'a vila de Caldas, alemans, ingleses, franceses, e asturianos, todos traidos pol-a *Azucareira*, cada un pra sua cousa e verás como pronto vai deprender o fillo d'o Parolo á decir *ulrai*, en inglés.

—Díjobos, Antón e Xan, que da xenio ver tanta xente empregada, e sobre todo esas brigadas d'homes e mulleres c'os asturianos a cabeza sementando a eito remolacha.

—¿E ti xa mirache como facian, Alberte?

—Xa vos dixen que o xuncras d'as parreas non me deixaron pol-o d'agora un dia desocupado, pero vós que xa mirastes ben todo non me podedes dar unha expiración ben crara de como preparan a terra e como se-mentan?

—N'eso vou ser eu, porque xa me considero tan forte como o mesmo asturiano, porqu' eso si, e un home que mesmo dá xenio falar c'ó el pol-o ben que nos quere deprender e o curioso que é n'ó traballo d'achanzar e limpar gramas.

—Pois dime logo tí, Xan, ¿cómo se prepara a terra?

—Primeiro estenden sobre d'ó campo o esterco da corte; encima d'este esterco, bótanlle ben estendida á primeira borralla que da de balde a Azu-

careira. Estendidos ben estes dous estercos, jabea á terra da mesma maneira que se fai pro millo, quedando no fondo da jábea ó campo, e os dous estercos, e á terra en montons, como todos sabemos.

—¿Cantos días teñen á terra jabeada d'esa maneira antes de sementar?

—Pois según á clas de terra ó pida. Si á terra é pasada e húmeda hay que deixal-a enxujar, e si é de secano basta tel-a tres ou catro días.

—¿E como fan pra sementar?

—Pois collen á segunda borralla que tamen da de balde a *Azucareira*, e que lle chaman *Superfosfato*, póñena n'un cesto d'aro, é repártena ben por entre os montons. Dimpois c'ateñen ben estendida métenlle á grade, unha ou duas veces e achanzan ben toda á terra cos «angazos» é c'un «rodo» da mesma feitura dos que temos pra sacar

do forno a borralla cando cocemos o pan.

Cando tod' a terra está ben achanzada e ben limpa de gramas e malas herbas, estenden sobre d'ela ben estendido o «sal» que tamen nos dan de balde e que lle chamen salitre.

Dimpois de ben estendido o «sal» ccllen á *sementadeira* que se compón de un pedazo de puntón de madeira de pino, de largo de cinco coartas, que ten catro dentes é dous barrotes direitos para tirar d' el. Un rapas calquera tira por esta *sementadeira* e con ela abre catro regos n'a terra que teñen de fondo como catro dedos pouco mais ou menos, e n'estes reguiños vai por detrás unha muller votando á semente de coarta en coarta tamen pouco mais ou menos, e os homes cúbrena c'o rodo ou c'o angazo de costa.

En acabando de cubrir, xa queda

todo o traballo da «sementeira» rematado.

—Home todo eso sabe-o facer o mais burro dos nosos paisanos e en dous días pode ensinar os mais.

—E dime ti, Xan, ¿cómo se goberna o que non ten esterco da corte?

—Pois botando sobre d'o campo á primeira borralla que lle chaman escorias de *Thomas* e jabeando como che deixo espricado.

—De modo que este ano a *Azucareira* dá dúas borrallas, unha que lle chaman escorias de *Thomas*. é outra *Superfosfato*, é ademais o salitre e a semente.

—Xustamente dá todo eso, e dá ademais as sementadeiras e manda os mozos que xa están deprendidos á que deprendan os que non saben.

—Reparo, Xan, que falas de jabear á terra e eso resulta mais caro que si fose á terra labrada.

—Párate un pouco n' esto, Alberte. A primeira vista parece mais cara á jabea, pero si pensas un pouco, verás que sale mais barata c' o arado.

E certo que jabear un ferrado de terra dos nosos, costa según axustou á *Azucareira* sete pesetas ou sean vinte-oite reás, pero o que custa de menos ó arado levo no *rabo* de camiño á sementeira, de modo que nada se aforra.

Ademais ó traballo de jabea deixa muy ben enterrado ó campo e á herba non ven pra riba tan pronto, de maneira que dimpois ó primeiro sacho é rareo dase na mitá do tempo e faise sin traballo e como quen está enredando.

--O que é neso levas moita razón, Xan, porque á terra labrada c' os nosos arados deixa as leibas mal enterradas e por moito que se traballe e traballe ateanse as veigas d' erba e dimpois nin o diaño sale d' as leiras no primeiro

sacho ou rareo. Mirade, quedo tan conforme é deprendido en todo que por vergonza non mando á..... donde debo ó que sea tan burro que non entenda esto.—Adiós e hasta outra.



XV

—Corre, Xan, corre, e vente abrigar debaixo d'o alpendre, porque chove á cántaros e si sigue de tal maneira vamos á criar musgo n'a cara.

—Cala Antón cala, que según vou vendo, debeu de dar algunha volta demais á «bola» do mundo porque esto non é primavera nin cousa que se lle semelle.

—Eche ben certo canto estás decindo, é este tempo vou á deixar por minteiros os que nos decían estes últimos

anos que cambearon en Galicia as temperaturas por mór d'a corta de tantospinos, é carballos, é según vemos no que vai d' ano non se votan de menos os arbores cortados pra que agora como sempre «chova» cando Dios quere.

—Eso non ten volta de folla, pero á tal chover dende Xaneiro pr' acá parece que se devorcaron as nubes sobre da nosa terra.

—Home, esto xa vai sendo bastante malo, porque non se pode adiantar branca de traballo, é dimpois ven todo xunto, e non se poden facer as cousas como é debido, e todo nos sai mal.

—Hay que tér pacencia, Xan, porque Dios apreta pero non afoga, e todo ha de vir á ben.

—E que me dis oxe da remolacha?

—Eso pra min xa non ofrese a mais pequena dificultade. Considérome

n'eso tan sabido com'os que nos viñeron a deprender dende Asturias.

—Sabedes, que estes dias que facian bós eu non saín d'as veigas vendo como traballaba tanta xente.

—Tamén eu andiven tras d'unha d'as cuadrillas, e tardei en ir á xantar e levei na casa unha rifa de mil demos, porque á miña muller estaba que botaba fume contra min, e contra quen truxo eso d'a remolacha.

—Pero tí n'a contentache dándolle espricación do que viche, é o moito que nos conven á todos deprender ó que non sabemos.

—Home, dimpois que me sacou o caldo do pote, estivo fungando un pouco, pero ó reparar qu'eu non me puña de mal xeino, trúxome á cunca e á culler, é dixome:—seique te farta-che con ver sementar á remolacha?

—Non muller, non, ó qu'eu quixera era fartarme de *saber*, porque d'eso nunca se debe un fartar; de caldo e broa calquera se farta, con encher a cunca hastra que se teña a culler de-reita, e meter n'ó corpo verzas e broa, queda calquera feito un *odre*; pero deprender, eche outra cousa, Xuana.

—E logo, qué deprendeche oxe, Xan?

—Moitas cousas que inda non sabía. Pol-o pronto supen que viñeran de Padrón, d'a Puebla, de Santa Eugenia e d'outros pueblos, mozos ben prantados solo por deprender como se fai a sementeira d' a remolacha, e como a cousa basta vel-a facer unha vez pra deprender, todos estiveron aqui algúns días deprendendo e ganando ó mesmo tempo o seu xornal, e dende que se consideraron deprendidos volveron todos pr' os seus pobos dispostos a traballar e ensinar os seus veciños.

—¿De modo que en todos lados prantan remolacha?

—Si, muller, si; ó primeiro fixeron como ti fixeche connigo, que si non me poño de punta e non poño os calzós ben, pasaba oxe por burro, como asi lle pasa a. mais de catro que queren sementa-l-a e por non oír fungar todo o dia ás mulleres n'a poñen hastra ver; e os qu' asi discurren, o que han de ver é com' os mais enchen as faltri-queiras de *perras*, e eles quedan sin elas; dimpois han de botar as mans os pelos e non os van encontrar.

—O qu' eu vexo, Xan, é que tí e mais Antón todo canto vos din creede-lo á pés xuntos.

—¿Cómo queres tí, Xuana, que non teñamos por certo canto nos din tra-tándose de xente tan formal e de tanto creto?

Por un lado vemos que todo canto foi disindo este diaño de *Fray Prudencio*, todo vai saíndo o pe d'a terra, pois xa non hay señor Abade, nin Alcalde, nin Xues de Pas, nin rexidor, nin propietario que teña terra que deixe de sementar, e paréceme que tanta xente rica que fai estas cousas n' o fai por tirar á calle o que ten; de modo qu' os labradores debemos de mirarnos n' estes espellos e ir pol-o camiño que van estas personas, e deixarnos de burradas.

— Home, n' eso parece que tés razón; pero, como ti sabes, un pouquiño de desconfianza non matou á ninguén.

— ¿Sabes qué mais? como nos rogaron tanto, que sementásemos remolacha pensamos que é solo por ben dos da frábica e qu' eles xa quedan ricos o primeiro ano, e d' este modo de pensar sahiron moitas burradas,

—En eso levas algo de razón, Xan, porque eu vexo que vamos ás feiras e póñense á pradicar sobre d'un tallo e n'a mesa co-a baraxa, disindo: *al tres y al as, quen lle mete más*; e outras barralladas pol-o estilo, e cayen homes e mulleres como pimpins deixando ali os cartos, e algúns, como sabemos todos, mercan promos de limaduras de bronce por polvos d'ouro e a esta xente n'ai quen non-a crea, e agora que tanta xente de respecto nos quere guiar por noso ben, todos son á desconfiar; pero déixate de contos porque o fin e o remate a verdá ten que abrir camiño, e como aquí non pode haber mentira porque ninguén deixa de comprender que nadie sería tan burro que metese os cartos n'a frábica pra enganar o labrador, porque si fose así salialle a broma un pouco cara.

—Ves, Xuana, como ti mesma cai-

che n'a conta, e como ti van fasendo o mesmo todal-as veciñas que se enteraron de que tendo cadelas á man non falta millo nin palla, nin a dentella, nin nada; porque os cartiños saben á todo, saben á pantrigo, saben á viño, á porco morto, á peixe gordo e todo canto se queira.

—Pois logo o que fai falta é que cada veciño poña un ferrado de pan a remolacha e que tendo as cadelas n'a faltriqueira, podamos cantar o pé da taberna :

*Muchachos vení,
Devotos llegá,
A comer berberechos con viño
Qu' agora mismiño chegaron d' o mar;
A comer sardiñas con patacas
Qu' agora mismiño se van fricolar.*



XVI

—Ven acá, Xuana, corre, e cadra ben, que aquí está Antón e á comadre Carmela, que están fervendo por palar.

Xa estuveche á misa, xa sabes que á primeira cousa e cumprir con esa obriga-
ción.

—Moito m'alegro por c'oxe á mais d'a xente fai tanto caso d'a relixión c'omo d'a primeira camisa que visteu, e esto trai as suas consecuencias, por

que andan por ahí esos mozalvetes que non teñen pisca de vergonza, non teñen respecto os pais nin á ninguén e ó mesmo saen d'as tabernas á unha como as duas d'a mañan borrachos como uvas, e ó sair mallan uns noutros como quen malla en ferro frío é dempois hai que levantalos d'o chan sangrando como porcos.

—N'eso tes moita razón, Carmela; pero tamén lle cabe algunha culpa ó noso señor Alcalde, en consentir c'as tabernas estén abertas hastra as dúas é tres d'a mañan, solo porque os larpeiros d'os tabarneiros vendan uns poucos netos mais de viño.

—Pero deixemos eso para outro pabique porque ven merece este asunto que nos ocupemos d'el con algunha calma.

—Pois entonces di tí, Xan, que tes que contarnos.

—Alá vai o q'ueu sey que brinco é salto de contento, solo con ver que nin pisca sai ó rivés d'o que Antón é eu vamos falando nos nosos paliques.

Mirade, eu aferreime en asegurar que custando gabear un ferrado de terra *sete pesetas* é labralo, *duas e media*, ou *tres*, salía mais barato ó d'a gábea que o labrado.

—¿E como nos espricas eso, Xan?

—Pois muy claramente.

A terra que se gabea, ademais de que vai pro fondo da jábea, ó campo, xunto c'o esterco d'a corte é c'a borralla que dá á Azucareia, sirvindo todo xunto d'un esterco que si á terra falara había de dar as grazias, queda muy limpa d'ervas porriba é sementar un ferrado Bén á custar xa unha terceira parte solamente d'o que custa sementalo de terra labrada.

—De maneira que según tí, ó sementar un ferrado de terra gabeada custa duas terceiras partes menos c'ó que se labra.—Sostegno eso é paréseme que me quedo curto.

Ahora fun mirar as primeiras leiras que sementaron n'as «Pedras», en «Chain» é n'ó «Paraíso», é ó ver como sai á remolacha nun lado é n'outro xa m'a cabei de convenser de todo.

A que sementaron en terra labrada nase ó mesmo c'a que foi en terra jabuada.

—Entonces ¿qué ventaxa ves tí, Xan, si nase ó mesmo n'a terra traballada, c'ó legón, que n'a labrada?

—Toma, pois eso veo calquera. Na terra labrada, com' os esterco lle proban ben, medra á herva ó naser mais c'a remolacha é de tal maneira se atea á veiga d'ervas que ó primeiro sacho ou rareo, leva n' o rabo duas veces

mais tempo, que n'a terra gabeada, é esto ben craramente se vé que custa xa moito mais que dobre ó primeiro sacho. Si virades que risa pasamos estes días.

—¿Entonces que pasou, Xan?

—Pois foibos unha cousa muy chusca. Comenzaron á decir quenacia á eito á remolacha e tanto os asturianos com'os nosos traballadores viñeron á d'ar a noticia á D. Jesús, é como á él non lle parecía posible dimpois de tanto frío é tanta auga como leva chovido colleu o camiño é foi ver as veigas que estaban sementadas é ó ver c'a erva que nacia era tanta púxose á escudriñar n'a terra e levantou uns poucos pés. ¿E sabedes que crás de romolacha era? Pois eran «saramajos» que por darlle n'a cara os que din que donde se sementa remolacha non nace outra cousa, deron en salir como prixel e todos pensaron qu'era remolacha.

—Home foiche unha boa broma, pero nace tamen á remolacha?

—Eso mesmo d'a xenio vela vir co-as suas folliñas delgadas com' o prixel é dereita pol-os reguiños que fixo á sementadeira.

Mirade, si o tempo sigue ben, van botar aquí é en todas partes remolacha como quen sementa sarnadela.

—Conque adios todos porque ó tempo bó hay que aproveitalo como manteiga cruda en rebandas de pan-trigo, é oxe xa apreta ó calor.

—Xa falaremos d' eso, c'a cousa ben sale.

XVII

—Ben acá, Xan, toma un pitillo d'os que gasto, que por non despilfarrat son d'os que non tiveron suba.

—Si, Antón, si, xa vexo que fumas *brigadieres* por n' haber *generales* mais baratos.

—Bós che están os tempos pra gastar moito. Cada ano van sempre en aumento as contribucions é trabúcos e os nosos «desgobernantes» non che fan mais contas que estas. Primeiro o

menistro d' Hacienda, pidelle o's mais ministros que lle manden á conta d'o que van á gastar durant'o ano é dempois fai él tamen á mesma conta.

Por ben parecer, votalle ó menistro d' Hacienda, unha ollada, ou mándalla botar á outro, que pro caso e ó mesmo, á todas as contas que lle mandaron os compañeiros, é dille que baixen algunhas cadelas, que uns báixanas é outros non.

Dempois que ten en seu poder ó menistro d' Hacienda todas as contas comensa á subir todo canto pode os impostos e contribucions, e cando xa non ten donde apretar mais di: importan mais os gastos c'os ingresos, pero eso xa ó arreglaremos ó rematar ó ano.

—De maneira, Antón, que primeiro sacan a conta d'o que se vai gastar, e dimpois d'o que se vai cobrar, e digo

eu: ¿e si non chegan os cartos pra cubrir os gastos cómo se fai?

—Pois heche moi fácil: ó acabar o ano, suman, o que falta e quédase á deber pro ano que ven.

—Heche bóa maneira de botar contas; pra faser eso non é preciso romper á cabeza, é calquera sirve pra ministro d'Hacienda.

Pra faser á conta d'o que se vai gastat, apurar canto se poida con contribucíós é trabucos, á todo «bicho viviente» e ó remate, si non chegan os cartos pedilos prestados, ou quedalos á deber, eso fago eu e faino outro inda mais burro qu'eu cen veces.

—Pois non rómpa-l-a a testa, Xan, que hastra d'agora non souperon ou non quixeron faser outra cousa.

—Pero, Antón, cómo deño che dou oxe por falar d'eso cando debemos volver ó qu'agora mais nos importa,

que como ti sabes, e á sementeira d'a remolacha?

—Home, téis algo de razón, pero xa ves que vâmos sair en todo c'a nosa é non vai quedar aquí can ningato que non semente ó seu ferrado de terra por que as mentiras teñen que morrer como os troitas á «miñoca», e como depren-demos d'o noso *Reverendo padre Prior*, verdades non pode haber mais que *unha*, e esta heche á que nós vimos palicando.

—¿Non ves como cambeou todo ó chegar ó bó tempo?

—Vexo, home, vexo.

Da mesmo xenio ver as veigas cheas de xente sementando á eito remolacha é ver como sale pra riba á que se sementou dende que se puxo o tempo bó.

—Sale, home, sale, é non sale solo remolacha si non que tamen sale erba

que ven mecha pra que vexan os nosos paisanos qu'os esterco que dá a *Azucareira* próbanll' á terra como á tí e mais á min nos probaria agora ir botar dous netos n'a de Andrés ou n'a de Barrote, que din que teñen boa letra. ¿Queres que vayamos alá?

—Vamos, home vamos, xa que pra morrer non ha de faltar uha hora, e ben vale que botemos dous netos c' o gusto que da ver nacer a remolacha e que salgamos c' o noso empeño de que todos sementen pra qu' a frábica vaya pra riba en ben de todos.

—Pois andando, *e viva la Pepa*.

XVIII

—¿Qué me contas oxe, Xan?

—Que queres que che conte, Antón, si non está sempre o alcacen pra gaitas e cando non está un d' humor por moito que faga eche perder o tempo. Fai falta sazón pra todo, e pra palicar moito mais, e como estamos preto do Mayo, xa parece que se cai un o lado maduro como un figo chumbo.

— Pois xa que ti non estás de xenio, ve-l-aí ven Alberte, e veremos que novidades nos trai.

Hola, Alberte, oxe pareces por aquí e xa era tempo, pois deixáchenos solos como si foramos d'Arquiña, e non volveche á palicar con nós xa fai algún tempo.

—E certo o que dis, Antón, pero foi porque sempre cheguei un pouco tarde e non vos poden encontrar.

—Si, home, si; n'a nosa terra ningún chega á tempo si non o que recauda os consumos e cobra os trabucos; ese sujeto lev' o diaño si falta anque chovan pés de muiños.

—Tés razón que se podrá perder a colleita d'o millo, pero o recaudador de contribucions, leve Xudas si se perde. Sempre aparece n'o seu sitio.

—Vamos á ver, e que nos contas por ahi de cousas?

—Pois home, algo importante vos teño que contar.

Lein n' o *Fray Prudencio* que se formou en Madril unha Sociedade que se boutizou «General Gallega de Electricidad» e que conta con cadelas por cantos millons queira.

—E logo entrou n' ela moita xente de pentelo e de cartos?

—Xa cho vexo; eche xente, según din por ahi, que fala de millons de pesetas como si foran areas do rio.

—E que van facer con tantos cartos?

—Pois parece que queren alumear con lus eléutrica, com' aquí, a cidade de Ferrol, e dimpois tanto aquí com' alá, vender tamén centos de cabalos de forza pra facer andar outras frábricas que teñen n'a moleira.

—E dónde deños van comprar esos cabalos que queren vender? A feira d'a Pascua e d'a Estrada xa pasaron, e non sendo d'esas feiras, hastra a Asensión non vexo donde poidan mercar cabalos.

—Non son cabalos de carne os que se trata de vender, si non os que vos dixen n'outro palique que se fan n'a frábica e métonos pol-o aramio e van á donde os manden á facer fariña, lenzos, chocolate ou zocos d'ameneiro.

—Bah, bah, bah... seique me quededes embromar; eso pódese lle contar ós bobos, pero á un home que foi servir o Rey en tempo d'Espartero, como eu, non se lle ven co-esas pamplinas; decirme á min que se meten os cabalos pol-o aramio, e chamarlle o gancho cousa torta.

—Pois non che ten volta, Alberte: a crás de cabalos que se fan n'a frábica, eu non sei de que demo son feitos qu'eles métenos pol-o aramio sin que ninguén os poida palpar nin ver; van dende Caldas á Vilagarcía e ali farán bailar ás máquinas como quen baila a muiñeira.

—Home, eso poderá ser verdá, pero francamente, non podo comprender como por un aramio tan delgado vayan á pásar dous ou tres centos de cabalos sin vel-os ir, sin que cheiren á nada e sin que se poidan palpar.

—Dixeche palpar? Dios te libre de tal idea. Si te tenta o demo á por lla man cando pasen os cabalos, xa podes ter testamento feito, porque en menos tempo que o penses tomas viaxe de ida pr' o outro mundo sin que ninguén che poida dar boleto de volta.

—Eso debe ser cousa de bruxaria, porque d' outro modo non hay quen poida expricar tales causas.

—Pode, home pode, ti non ves como pasa a luz? Pois do mesmo modo hache de pasar a forza.

—Pois xa que saimos c' a nosa n' o traballo de sementar remolacha sairemos, si Dios quere, n' os proyeutos que

ten nª a carteira o noso *Padre Prior*,
que o fin e o cabo os que van á' scola
algo deprenden.

—Hastr' o domingo, que me espera
a muller e non quero que empece a
rezar que xa pasou a Curesma.



XIX

—Bós días, compañeiros.

—Hola, Antón; oxe non traes tan bó xenio como n'ó palique pasado.

—¿Por qué me dis eso, Xan?

—Porque me semella que traes cara de ferreiro. Seique non che probou a pinga d'ó branco que bebemos o domingo pasado?

—Non foi mala pinga; foi un bó pingón e si me descoido unha migalla

mais tendes que levarme n'unha angarella pra casa.

—Pero tanto mal che fixo o viño branco?

—Tanto me fixo que levo cáseque unha semana sin facer *branca de labor* porque como non estou afeito á rander tanto ó corpo d'un lado pra outro quedei estranquillado, e o estómago solo se pode comparar á un pouco de auga aceda.

—¿E non tomache algunha erva luisa, ou mansanilla, pra poder tomar oxe outros medios pelos?

—E ti sei que estás tolo, Xan. Eu que non podo contigo é levo tod'a semana sin poder nin siquiera comer á cunca d'o caldo, vesme tí con que tomemos outra *pítima* oxe.

—Sí, home, sí; á borrachera eche como todas las cousas: o mais malo é

afacerse, e de todas maneiras «á frida d'ó can c'os pelos se cura.»

—Vexo que tes mellor xenio c'ó meu é non pensei alcontrarte tan alegre.

—¿Por qué dis eso?

—Porque vin unha d'as tuas leiras de remolacha, que tan ben nacera é *bebeuse* á mais d'ela é pensei que esto che sacaría o bó mor que traes.

—Estábache fresco si por eso me puxera triste.

Mira, Antón; cando *marea non vay sazón non se perde*, dcían os nosos antepasados é tiñan moita razón.

Este ano tratamos de sementar un pouco cedó por ver si viña bo tempo é medraba todo pra coller as chuvas d' Abril é ter remolacha das primeiras; pero ó tempo veu ó rivés e non sale nada bó de canto sementamos sedo, nin sandías, nin melós, nin calacús, nin nada de proveito.

—Eso de saber cando proba o de sedo ou o de tarde toca á Dios.

—Tés razón, que che sobra. Falas como un arzobispo.

—E a pura verdade. Cando Dios quere con todos los ventos chove; cando non quere,

*vas ó prado á segar erva
é segas cardos tan solo*

poño p r caso. E non digo mais por oxe, outro dia falaremos.



XX

—Hola, Xan.

—Hola, Antón.

—Oxe teño eu peor xenio que tras tí, si hemos de *xusgar* pol-a cara dos dous.

—¿E logo que che pasa, Xan, para presentarte de tal xenio?

—Pásame que botei como tí sabes canta terra teño pra remolacha é toda vay muy boa, menos tres ou catro leiras que xa lle levo botado duas

vezes á semente, e con esta sequia, é frío que fai, que non sei de donde deños ven, non say pra riba nin á tiros.
—¿Cómo queres ti que naza á semente n'a terra seca que está como borralla é o frío que fai pol-as tardes é noites que parece que estamos n'o mes de Febreiro?

—N'eso tes moita razón, porque esto nin é més de San Xuan nin cousa que se lle semelle.

Este mes debíamos andar en cirolas todos sachando ó millo, é dica pouco si me descoido, temos que vestir de *Leiras* d'a terra, ou pano de *Tarazona*.

—Eso é moi certo: n'este mes era cando o calor apretaba, de noite caía aquel *maná* que as abellas viñan cá-seque con estrelas á chupar pol-as mañans, é as gomarizas de San Xuan era un contento vel-as.

Aqueles tempos é aquelas primaveras fóronse pra non volver, Antón.

—Home, pra non volver entendo que solo se van os que morren.

Todo ó demais vai é ven com' ó fól ó moiño.

—Sí, n'eso n' hay volta, porque cando veu esa praga d'as parras que lle chaman *oidiun* todos pensaron que era unha cousa nova é ven á resultar que hay moitos foros de moitos centos d'anos é xa n'eles se falaba que si non se collia viño por mor d'a *borralla blanca* non se pagaría renta d'el.

—Por todas estas razons non te debes apurar, Xan, porque teñas que volver á sementar algunhas leiras de remolacha porque c'ó tempo todo ha de vir á ben.

—Eu xa non me apuro, e hei de terquear hastra que medre ben á remolacha porque n'un día non se vai á Roma; pero ó díaño d'as mulleres xa empezan á rosar baixiño, é fan com'as *limas*

xordas que van roendo pouco á pouco é por moita paeencia qu' un home teña chega á enfadarse é dempois non queda títere con cabeza.

—Non debes facer eso, Xan, enfadar que se enfade ó diaño é tí debes de procurar que haixa paz n'a casa é guerra fora.

—Eso si, pero como tí ben sabes non está sempre ó alcancen pra gaitas e as mais d'as veces pagamos os xustos pol-os pecadores.

—E dime unha cousa, ¿foche estos dias pol-a frábica?

—Fun, home, fun, pero pr' aquí entr'os dous, á min non che me amoca D. Louriano: aquilo non debe ser solo pra facer asucre porque co-as caldeiras que alí hay si estiveran cheas de rancho, daban de comer á todo o exército francés.

Dimpois hay tantas rodas con dentes, tantos tubos con voltas, e tanto lío d'unhas cousas é d'outras que non teño duda que algo mais que sucre van á facer.

—Quizais que non sea como ti pensas, porque ti non ves o mundo de terra que hay que sementar de remolacha pra que a frábica traballe? Pois tan grande com' o burro ten que ser á albarda, de maneira que pra dar de comer á tantos potes é cazolas como n'a frábica poñen fan falta centos é miles de carros.

—Pois mira, sea como queira, hay que pelear, e porque un ano se perdan as patacas, non se deixan de por outro, porque se perda ó viño, non deixamos de podar as parras; porque francamente ó *moreniño* eche á rais d'o corpo é si lle sacan á un os grolíños que

bota n'ó xantar, n'hai mor pra repetir
aquela cântiga d'a Cruña:

*O capucho de Perucho
pol-o mar abaixo vai
si Perucho n'a parece
dentro d'o capucho vai.*



XXI

—Santos é bós dias vós dea Dios,
Alberte, Farruco e Xan.

—Que Santa María veña contigo,
Antón.

Como n'hai mal que cen anos dure,
nin corpo que o resista, nin médico
que o cure, tamén acabou o noso si-
lencio e volvemos á vernos xuntos
pra palicar novamente n'a veira d'o
adro sobre canto nos veña ben é poida
ser en proveito d'os labradores enxe-
bres d'a nosa terriña que queiran tra-
ballar e non sean perguiceiros.

—Tes moita razón, Xan, en chamar un mal o noso silencio, porque o fin é o remate donde menos se pensa «salta unha lebre» e calquera burro pode dar sentenza.

—Pois xa que falades así, boto un carto a'spadas tamén eu, decindo estes dez mandamentos por si poden servir de sentenza de burro:

O primeiro. —España pobre e sin diñeiro.

O segundo. —Que anda revoltó o mundo.

O terceiro. —N'hay palabra honrada no Quinteiro.

O cuarto. —O probe aldeano sin un carto.

O quinto. —Que sempre está apretando ó cinto.

O sexto. —Que resulta muy certo todo esto.

O sete. —Trabucos e contribución c'apreto.

O oito. —Que aprete ben e moito.

O nove. —Que n'a aldea ben mal se come.

O dez.—Que de calquera palanquín se fai un xuez.

Estes dez mandamentos encérranse en dous: en non ter envidias e confiar en Dios.

—¿E donde deños deprendeche tales mandamentos, Farruco.

—Pois uns deprendinos d'oidas e outros vexos todo-l-os días.

Ve-lai tés como n'hai burro que non dea sentencia.

—Amodo Xan, que anque son burro non che levo dous d'acabalo, e eso de que me chames burro n'as mesmas barbas non se pode pasar.

Pra agora e pra diante vouche contar un conto que che recomendo non esquezas.

N'unha feira d'o Carballiño, aló n'a terra d'os Masidans, presentouse un castellano pra comprar unha mula e un masidan, (que non sei si era home

de ben ou tan falso como a besta) tratou c'ó castellano e cerraron trato pagando este o precio axustado. Dempóis c'ó castellano fixo o pago e recolheu á mula dirixeuse o masidán e faloulle de esta maneira.

—*¿Diga usted, buen hombre? Ahora que recogió usted el dinero y nuestro contrato está ultimado, ¿no puede usted decirme los defectos que tiene el animal, para vivir con precaución con el?*

—Non teño ningún reparo en darlle gusto.

A mula, como vosté pode ver, é unha pintura; non vin cousa mais ben feita nin mais bonita; defeutos non ten ó primeiro, solasmente que vosté debe ter en conta, (xa c'ó trato está feito. «que á carga non-a-leva nin traseira nin dianteira, e no medio nada, podendo ser.» Con esta resposta que o castellano entendeu tanto pol-o direito

como pol-o rivés, marchou tranquilamente co-a besta e o masidán quedou c'as cadelas n'a faltriqueira.

Quixenche traer este conto á colación pra que sepas, Xan, que eu ó mesmo c'a mula (salvo á comparación) non levo á carga nin dianteira nin tra-seira.....

—Alto ahí, Farruco, oxe non e dia de enoxarse. Xan, o chamarche burro foi en sentido figurado, e o mesmo che pudo chamar burro que sabio, é despois de todo porque lle chamen á un burro nada importa, ó caso é non sel-o.

—Bueno Antón, basta que ti te metas n'o medio pra que ninguén se enfade.

—Pois vamos á ver, Xan, Alberte e Farruco, qué novidades me tendes que contar dende qu'eu estiven fora de viaxe?

—Pois que dende que ti marchache, quiridiño Antón, non fixemos mais que perder o tempo rexobando n'o Quinteiro e falando uns mal d'os outros sin sacar nada de proveito.

—Eso xa sabesdes que e «reuma vella» e por eso corremos no progreso como unha *ave que lle chaman sapo*.

—Pero Xan é non dis nada d'a *Azuçareira*?

—Xa cho creo, pois non hei de decir? Dende onte estase cumprindo o pé d'a letra todo canto ti é eu palicamos vai preto d'un ano.

Onte á tarde comenzou á frábica á moer remolacha e tan pronto ó soupen fun pra'lá correndo como alma que leva Xudas, porque tiña verdadeira freve de ver dar as primeiras voltas á tanta é tan bonita maquinaria como os alemans montaron alí e que funciona como un reloj.

—Eu non aturaba, Antón, mentras non miraba como salía á primeira remolacha d'aqueles grandes caneiros que xa están cheos d'ela fai días.

—E soupénche de quen era á primeira remolacha que se puxo n'o comenzo d'o caneiro pra facer c'ó ela o primeiro azucre?

—Soupen todo, porque me metín com' o piollo n'a camisa lavada, perdín o medo e a vergonza, pedín permiso ó señor Director é fun pouco é pouco vendo canto poiden.

A primeira remolacha que entrou n'a frábica heche d'un verdadeiro gallego *enxebre*, home de moitos perendengues, é un d'eses homes que entran poucos en ducea, que saben ben donde lle apreta ó zapato.

Con duas duceas de homes como él, outro galo nos cantara os gallegos. Tenche unha frábica de papel n'a que

ten empregados moitos homes é mulheres, ten outra de chicolates, ten comercio o por maior e menor, e á pesar de todo esto sempre leva á bandeira nos adiantos mais novos d'a labranza, e oxe fai unha cosecha de viño moreniño e branco, que fai arder o eixo.

Eche un home que ten unha gramática que sin ser *parda* xa quixeran moitos que se chaman sabios saber unha folla d'ela.

Eu pol-o menos asegúroche que si don Antonio me vendera un exemplar d'o seu libro era capaz de empeñar unha orella por mercalo.

—De modo que ese señor chámase don Antonio.

—Sí, home si, chámase don Antonio Neira, e está sendo agora alcalde de Vigo.

—De maneira que un home como o señor Neira, que tanto vale e que tanto

pode, foi o que mandou a primeiras remolacha, que é a mellor que veu hastra oxe, que se vai facer d' ela o primeiro azucre, e si cadra *lamberá* hastra o premio e os demais perdémolo por ser uns larpeiros e non cuidar as leiras como él as manda cuidar e seguir aquí como verdadeiros papa-moscas sin saber mais que comer «papas barbudas.»

—Dime ti, Xan, ¿é fixéchete cargo d' aquel mundo de caldeiras donde sale ó vapor?

—Deprendín os demonios; xa che expriicarei todo, é verás nos paliques que veñan c' o vapor faise como «cando ó pote fervendo c' o testo posto gomitia ó caldo.»

—¡Vivan os gallegos como don Antonio!

—Vivan, é vamos á esmoela botando catro ou seis netos de moreno, que azucarciras non se rematan todo-l-os día.



XXII

— Eu non sei si certarei hoxe á darvos os bós días, Alberte, Farruco e Xan, o ver como estades tan majos e tan limpos que nin que viñésedes d'a romería d'o San Xusto de Vemil.

— O que parece mentira, Antón, que te estrañes qu'eu sacase hoxe o fondo d'a ucha e me vexas como me vés, has tra con camisolín pranchado e c' un pañuelo o pescoso como si fose un correxidor.

—Pero, pódese saber ó que se debe que veñades oxe tan limpos, de camisa lavada e roupa nova?

—Pois a cousa eche muy natural. Tí sabes moy ben, Antón, que sin facer caso de ninguén, púxenme os pantalons n'a casa e sementei remolacha en canta terra teño, e a miña muller e o meu xenro se non me remango o comenzo, non semento nin nnha cunca de chan.

—E cómo saliche d'o ensayo, Xan?

—Pois aquí, que ninguén nos escoita (d'eses lavercois d'a Azucareira que saben o que o demo lle esqueceu), direivos a verdade como lla podía decir n'o confesionario o meu confesor.

Como prantei remolacha en terra de regadío e en terra de secano, resultou como sucede sempre e ten que suceder: n'a terra regadia saquei moito proveito, e n'a terra de secano sacaría como un tercio de cosecha, pero xuntando unha

cousa co-a outra, a tortilla non dou mal resultado.

—De modo, Xan, qu' á tí pasouche sementando remolacha como á min sementando millo. N' a terra de rega teño moito e bó, pero n' a de sequío nin bó nin malo: a palla eche boa pró gando, e as espigas foron carolos que tiven que dar os cochos.

—De maneira que, n' a terra de rega, houbo boa colleita de remolacha e de millo; e n' a terra de seca, nin boa de millo, nin boa de remolacha.

—Eso eche falar como se debe e deixémonos de pamplinas.

—Non che ten eso volta, Xan: o que regou colleu millo e remolacha, e o que non regou contentouse con carolos en vez de espigas e con nabos pequenos de remolacha. E esto é tan certo, que palicando n' o quinteiro nontronte a comadre Carmela e Farru-

ca, decíalle unha á outra: eu teño un millo e unha remolacha que da xenio, pero bó traballo levamos o meu home e mais eu pra regala toda-l-as noites que tivemos auga. Pero Farruca, que ten o home en Buenos Aires, decíalle: «Eso sí, a que ten home rega de noite, pero a que non-o ten, *árdelle ali.*»

—Mirade Xan, Alberte e Farruco: eu déixoche de burradas. Estívenche n'a «Azucareira», e o ver semexante baraunda de remolacha como ali chega todo-l-os dias, pol-o ferrocarril e en carros, estou alegre com' unhas pascoas, porque ali corre o diñeiro como folla. O asucre sale por aquelas máquinas que é unha viña. Solo que dá lástima e tristeza ver como salen pra fora miles e miles de pesos que debían quedar n'as nosas faltriqueiras.

Namentres nós vamos decindo que dá moito traballo, e que pagan pouco,

de toda-l-as partes chegan cargamentos de remolacha, e os que pensamos que si non-a pagaban mais non había quen sementase, quedamos c'a boca aberta e co-a faltriqueira sin unha cadela.

—Sabedes que mais, Antón e Xan, eu estou vendo qu' os señoritos que botan contr' a sementeira d'a remolacha son os que levan as cadelas. e eu si non fora por pensar mal, casi me atrevería á decir que os ricos queren que ninguén semente pra eles sacar mellor partido. Dios me perdone si penso mal, pero o que se ve é que dende Ferrol pra baixo cai remolacha n' a frábica, como millo n' a moega d'un muiño.

—Dios nos dea saude, e vámola andando qu'a reina vai n'o carro.

—Si, amigo Xan, si, donde que por
esses dias d'o regato se reciben
aqui a desconsoladora e non esperada

disturbios.

nos d'estas comarcas debemos estar ben
atentos ti que eu, como todos os veci-

nhos. Bu xa sei porque oxe, o

—E me deu tristes e ben facha de

esta, Xan!

—E o que, pero que mais e esta

—E os seus os seus Dias, Anton.

XIII

XXIII

—Bós dias, Xan.

—Bós no-l-os dea Dios, Antón.

—Qué triste, pero qué triste é esta vida, Xan!

—Eche ben triste, e ben chea de amarguras. Eu xa sei porque oxe, ó mesmo ti que eu, como todos os veciños d'esta comarca debemos estar ben disgustados.

—Si, amigo Xan, si, dende que por eses aramios d'o telégrafo se recibeu aqui á desconsoladora e non esperada

noticia d'ó fallecemento do noso muy respetado e bon amigo D. José Mariano González (Q. E. P. D.), á quen Caldas debe sin duda de ningunha crás que teñamos unha frábica de azücre que ten que ser á envidiá d'os nosos é d'os extraños, aquí non podemos por menos que sufrir grande pena.

—Tés razón, Antón, aquí todos debemos de verter bágoas de tristura como agradecemento á respectable memoria de quen truxo tanto ben pr' á nosa terra.

Todos debemos recordar con respecto ó nome do que en vida foi decidido partidario do noso pueblo.

—Eso non ten volta, Xan, os pueblos o mesmo qu' os homes, deben ser agradecidos, porque os que non-o son, son mal nacidos.

—Probe D. José, Dios o teña o seu lado disfrutando d'a gloria, e dende alí

pida a Virgen que guie os pasos de todos por este deserto d'a vida, en que andamos embobados, sin saber por qué ni para qué.

—¿Quén lle habia de decir o noso amigo que non habia de ver andar e traballar a sua frábica de remolacha, que tanto interés tiña en ver acabada?

El, que tanto afán demostrou a última vez que o tivemos o noso lado, por ver todo concluido, quixo Dios chamalo o seu lado os tres dias de comenzar a frábrica á facer azucre.

— ¡Qué tristeza pra todos!

— Pois ben, Antón; xa que Dios o dispuxo asi, entremos n'a Igresia, recemos pol-a alma d' o que foi noso amigo, choremos a perda d' un home que truxo aqui tanto ben, e pidamos os nosos veciños que o recordo de don José (q. e. p. d.), sea tan duradeiro com'o metal mais duro e forte de que

se fixeron as mais duras máquinas d'a frábica.

—Asi sea, Xan; entremos n'a casa de Dios e recemos, pois xa que n'este mundo non podemos facer mais que rezar pol-os que morren e pedir pol-a sua salvación.

XXIV

—Moito m' alegro de vervos bós e rollizos, Xan é Alberte, e que teñamos moita gana de comer, e qué.

—Tes razón, Antón, o que fai falta e ter saude ben forte pra defenderse de tanto é tanto larpeiro como anda solto por estes mundo de Dios.

—Por qué dices esto, Xan?

—Pois porque xa vai picando en historia tanta e tanta mentira como fan rodar pol-as aldeas ese fato de palanquins que nunca servirán nin han de

servir mais, que pra comer, dormir e *esmoela*.

—¿He sabes á última loya que fixeron corer estes dias por gusto de facer mal á «Azucareira.»

—¿Dices ti a última loya?

—Home, digo, porque me parece que xa non terán mais mentiras que repartir.

—Estás ben enganado, Antón, hay mentiras pra todo-los gustos e inda teñen que esparramar moitas porque teñen un *arfolin* cheo d'elas, e hastra que s'acabe ha de saír unha cada dia.

As que estes dias corren, fresquiñas é saltando, com'as xoubas de Canelas son, que n'a frábica fan ó azúcre con sulfate, é o que coma d'el morre com'as troitas á miñoca, é que don Louriano, merca canto millo lle vendan á *trinta* reás ferrado pra facer augardente d'él, e que é preciso xuntarse e dar

parte d' él p'ra que lle coman a gorxa e lle retorzan o pescozo.

—¿E houbo quen poidese creer tales paparruchas, Xan?

—Houbo, home, houbo. Hoxe n' o día por desgracia pro noso país, a xente sempre está dimposta á creer as cousas malas, é o que pretenda decir á verdade amócase porque ninguén lle da creto.

—Eso non deixa de ser certo, pero total-as mentiras acaban logo. Mirade, Antón é Xan, de qué sirve que digan c' o azucre fai mal porque lle botan *sulfate*. Non sabemos todos, porque xa non hay can nin gato que non lambiscase unha ou duas pedriñas de azúcre d' o que deixaron arañar n' os primeiros días os traballadores, e á ninguén lle doeu á barriga.

—Sí, Alberte, si; pero como din que d' a mentira sempre queda algo, por

eso as botan á voar. Eu pódoche decir que mandei facer papas d'arroz e embanastei n' o corpo unha boa tarteira d'elas, e o que sinto eu e non ter cadelas pra poder comelas á cotio.

—Xa cho entendo, esa conta ben sale, s' eu tivera cadelas mercaba un saco d' azucre e cada dia papaba seis platos d'arroz com' o xastre d' a Barcia.

—Home, eu tanto non, porque o mesmo se peca por carto de mais que por carto de menos.

—¿E qué fundamento ten eso de pagar o millo á trinta reás.

—Pois ningún, é outra mentira como todas, e así llo contestou n' a frábrica don Louriano á duas mulleres que viñeron dend' a feira do Campo á saber si era verdade esa loya.


Como elas o compraran n' a feira á vinte reás, vian a gananciña o ollo, e viñeron e viron que n' a frábica solo


había moita remolacha e que entraba por unha banda, e saía feito azucre pol-a outra, e que daban á probar d'o azucre e si non gustaba ós que o probaban, metíano outra vez n'os caldeiros e tornaba á ser remolacha pra darlla ós porcos.

—Tamén ti botas d'esas.

—Si, home, si, e non ha de faltar quen o crea. Déixate de contos, pra ser burro pouco fai falta, e así o qu' as tiveres que as torne, que o fin e o remate as cousas caen do lado que se tomban, e as mentiras irán afogándose unhas trás d' as outras porque *vista d'ollos saca dudas e obras feitas escola de burros.*

—Asi será, e nós con bós cachelos e bó viño seguiremos palicando e decindo á verdade á todo bicho vivente, porqu' o que é certo non hay demo que o torza.





REAL

G

A C

Bi

1038

ACADEMIA
SALEGA
CORUÑA

480

lioteca